Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



María Encarnación Amigo Díaz na data 09/01/2020 13:58:24

María Ángeles Garcia Míguez na data 09/01/2020 13:58:41

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 09/01/2020 13:58:52

Marta Rodriguez Arias na data 09/01/2020 13:59:10

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 09/01/2020 13:59:28

María Soraya Salorio Porral na data 09/01/2020 13:59:42

Raquel Arias Rodríguez na data 09/01/2020 13:59:49



Á Mesa do Parlamento

Moisés Rodríguez Pérez, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández, Miguel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante a Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 6ª; Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Fai uns meses, coñecemos a existencia da chamada Business Factory Auto (BFA), a aceleradora de proxectos innovadores da automoción de Galicia, operativa ao 100% no Parque Empresarial de Porto do Molle (Nigrán).

Unha aceleradora de empresas debería contribuír a aspectos de mellora da competitividade do sector como instrumento de desenvolvemento da innovación e da creación de novo valor para as empresas. Entendemos que a BFA trata de poñer en marcha procedementos que transformen ideas en proxectos empresariais de éxito. Así sumaríase a outras iniciativas como a unidade mixta de innovación de PSA co CTAG (con proxectos como o Mobile Lab) ou a adaptación á fábrica 4.0, iniciativas que, xunto cos lanzamentos dos novos vehículos, sumarán unha elevada inversión ata o 2020.

Sabemos que os obxectivos dunha aceleradora de empresas son os de consolidar a actividade do sector no territorio e polo tanto reter e atraer talento.

Dada a importancia do sector da automoción en Galicia, un sector que supón o 32% da facturación industrial de toda a Comunidade Autónoma, gustaríanos coñecer en profundidade algúns asuntos referentes á BFA.

Por todo elo, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que iniciativas se pretenden desenvolver na chamada Business Factory Auto (BFA) de proxectos innovadores da automoción de Galicia?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Moisés Rodríguez Pérez na data 09/01/2020 14:03:53

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Maria Antón Vilasánchez na data 09/01/2020 14:04:05

Moisés Blanco Paradelo na data 09/01/2020 14:04:17

Marta Novoa Iglesias na data 09/01/2020 14:04:32

Cristina Isabel Romero Fernández na data 09/01/2020 14:04:47

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 09/01/2020 14:05:05

Sandra Vázquez Dominguez na data 09/01/2020 14:05:27



A Mesa do Parlamento

Sandra Vázquez Domínguez, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Romero Fernández e Miguel Tellado Filgueira, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

No programa co que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria da cidadanía galega no ano 2016 recollíase o seguinte compromiso expreso: “Asesoraremos ás pequenas empresas para implantar nelas unha dinámica e cultura orientada á innovación. A Axencia Galega de Innovación (GAIN) desenvolverá un programa orientado ás empresas pequenas que actualmente non acceden ás súas axudas, para estimular que incorporen a innovación ao seu modelo de negocio”.

En cumprimento dese mandato electoral, a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través de Axencia Galega de Innovación (GAIN), publicou a primeiros do pasado mes de febreiro a segunda convocatoria do programa Innova Peme, que son axudas dirixidas ás microempresas e pequenas e medianas empresas galegas coa fin de apoiar o financiamento das actividades integradas en plans de innovación que lles permitan o fortalecemento naquelas áreas relevantes para a sistematización e internacionalización dos seus procesos de creación de novos produtos e servizos, así como de mellora dos seus procesos, na medida que estean aliñados coas prioridades establecidas na RIS3 para Galicia. En cumprimento dese mandato electoral, a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a través de Axencia Galega de Innovación (GAIN), publicou a primeiros do pasado mes de febreiro a segunda convocatoria do programa Innova Peme, que son axudas dirixidas ás microempresas e pequenas e medianas empresas galegas coa fin de apoiar o financiamento das actividades integradas en plans de innovación que lles permitan o fortalecemento naquelas áreas relevantes para a sistematización e internacionalización dos seus procesos de creación de novos produtos e servizos, así como de mellora dos seus procesos, na medida que estean aliñados coas prioridades establecidas na RIS3 para Galicia.

A través desta convocatoria do programa Innova Peme tense previsto impulsar a mobilización de máis de 5 millóns de euros en actividades cuxo obxectivo sexa desenvolver ou fortalecer as capacidades de innovación das empresas galegas cun menor tamaño. Súmase, deste xeito, ao case medio centenar de pequenas e medianas empresas apoiadas pola Xunta na anterior convocatoria, que permitiu mobilizar investimentos por un valor de 9,5 millóns de euros e a creación ou estabilización de máis de 260 postos de traballo.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Por todo o anteriormente exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Que valoración fai o Goberno galego sobre o programa Innova Peme?

Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Sandra Vázquez Domínguez na data 09/01/2020 14:08:36

Maria Antón Vilasánchez na data 09/01/2020 14:08:41

Moisés Blanco Paradelo na data 09/01/2020 14:08:53

Moisés Rodríguez Pérez na data 09/01/2020 14:09:07

Marta Novoa Iglesias na data 09/01/2020 14:09:17

Cristina Isabel Romero Fernández na data 09/01/2020 14:09:32

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 09/01/2020 14:09:52



A Mesa do Parlamento

Cristina Romero Fernández, María Antón Vilasánchez, Moisés Blanco Paradelo, Moisés Rodríguez Pérez, Marta Nóvoa Iglesias, Sandra Vázquez Domínguez, e Miguel Tellado Filgueira, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

O sector artesanal galego está medrando día a día en importancia, non só desde un punto de vista cultural e tradicional, senón tamén económico. Hoxe traballan máis de 5.000 persoas, vinculadas tanto a obradoiros, como a tendas físicas e tendas en liña, destacando o feito de que hai máis de 635 obradoiros inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia. O sector artesanal galego está medrando día a día en importancia, non só desde un punto de vista cultural e tradicional, senón tamén económico. Hoxe traballan máis de 5.000 persoas, vinculadas tanto a obradoiros, como a tendas físicas e tendas en liña, destacando o feito de que hai máis de 635 obradoiros inscritos no Rexistro Xeral de Artesanía de Galicia.

Desde o Grupo Parlamentario Popular entendemos que a artesanía é unha actividade con presente e con futuro, que contribúe a difundir a imaxe de Galicia Calidade en todo o mundo. Ademais está moi vencellada á creación de emprego e oportunidades de riqueza no conxunto do noso territorio, contando cunha especial presenza no rural. Desde o Grupo Parlamentario Popular entendemos que a artesanía é unha actividade con presente e con futuro, que contribúe a difundir a imaxe de Galicia Calidade en todo o mundo. Ademais está moi vencellada á creación de emprego e oportunidades de riqueza no conxunto do noso territorio, contando cunha especial presenza no rural.

Por iso, consideramos fundamental o apoio e promoción do sector artesán galego que a Xunta está a desenvolver, con iniciativas como a organización da terceira edición da tenda pop up *Galicia Sabores e Sabores* en Madrid, a XXIX Mostra do Encaixe de Camariñas ou a mostra de exaltación da artesanía galega que se chama 'Pensar coas mans' na Cidade da Cultura, que tiveron lugar no mes de abril.

Para coñecer a repercusión desta e outras actuación, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal está a ser a participación e o impacto das iniciativas de Artesanía de Galicia na posta en valor e proxección internacional do sector artesanal galego?



Santiago de Compostela, 9 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Cristina Isabel Romero Fernández na data 09/01/2020 14:14:01

Maria Antón Vilasánchez na data 09/01/2020 14:14:22

Moisés Blanco Paradelo na data 09/01/2020 14:14:34

Moisés Rodríguez Pérez na data 09/01/2020 14:14:48

Marta Novoa Iglesias na data 09/01/2020 14:14:59

Sandra Vázquez Domínguez na data 09/01/2020 14:15:14

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 09/01/2020 14:15:33

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Á MESA DO PARLAMENTO

Davide Rodríguez Estévez, Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao, e Pancho Casal Vidal, deputados e deputada do G.P. Mixto, ao abeiro do establecido no artigo 156 do Regulamento desta Cámara, presentan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na comisión 2ª

No comezo do curso escolar, despois das vacacións, houbo incidencias coas liñas de transporte dos menores ás escolas, debido ao novo Plan de transporte público da Xunta. Os incidentes na provincia de Ourense, nos colexios de Seixalbo, e Mende, pola falta de coordinación no cambio de titularidade das liñas Pereiro-Ourense e San Cibrao-Ourense. Tamén houbo incidencias no colexio de Cambeo e en Allariz, e no de Barbadás.

O persoal condutor non sabía os itinerarios, houbo falta de autobuses, retrasos, saltos de parada, non había listaxe de menores, insuficiencia de prazas, falta de acompañantes. Os menores agardaron a intemperie con temperaturas de 0 graos que viñese o bus, que non veu, ou que directamente se saltou as paradas. Noutros casos os pais e nais de San Cibrao, Taboadela, Paderne, Ourense levaron aos nenos e nenas á escola pensando que o bus xa pasara, ou polo frío que facía. Para o regreso o amontoamento dos menores pola falta de prazas foi outro problema.

Os menores, en moitos casos quedaron sen ir á escola, ou ben foron os pais os que os achegaron aos centros, e inda que a Consellería de Infraestruturas e mobilidade pediu desculpas o certo é que máis de 50 nenas e nenos quedaron sen ir á escola o día 8/1/2020 e 9/01/2020 por non acudir os autobuses a recollelos.

Estes problemas repetíronse na zona de Celanova, onde se sufriron retrasos e na parroquia de Rabal por onde non pasou o bus. Noutros casos os menores agardaron ata 3 horas polo bus para ir á escola.

A Xunta puxo en marcha a primeira parte os do Plan de transporte público de Galicia onde o transporte escolar é agora compartido co transporte normal, co que os problemas de onte poden volver a repetirse.

Non parece de recibo que os escolares sexan os que teñen que sufrir as consecuencias do plan apresurado de transporte, que nin foi negociado nin consensuado co sector, sabendo de xeito anticipado a Xunta cando caducaban as concesións, e que podía facerse doutro xeito.

A labor de vixilancia e control do transporte escolar e público de Galicia corresponde en todo caso á Xunta de Galicia, que é a que ten que garantir que o horario se cumpra, que



a recollida dos menores se faga correctamente e de xeito efectivo, e que os menores estean acompañados, e en todo caso, esixir coordinación ás empresas e que estas dean solucións alternativas e rápidas a eses menores, dos que son responsables.

Por todo o exposto, os deputados e deputada que subscriben formulan a seguinte pregunta para a súa resposta oral na comisión 2ª

- 1.- Sabe a Xunta por que non se coordinou a actuación das liñas de transporte que levan aos menores desde as paradas ata os colexio de Seixalbo e Mende e outros colexios de Ourense?
- 2.- Por que desde a Xunta non se esixiu que se fixese unha transición entre as titulares das liñas entre Pereiro- Ourense e a titular actual San Cibrao –Ourense?
- 3.- Sabe a Xunta se estes problemas xa están solucionados?
- 4.- A que atribúe a Xunta que as compañías de autobuses non levases persoal acompañante ou non pasasen polas paradas a recoller ou a deixar as menores? Por que non hai controis sobre estes requisitos? A que se debeu que os menores fosen amoreados nalgúns casos?
- 5.- Considera a Xunta que é posible no medio do inverno coas xélicas temperaturas que non se recollese aos menores? Pensa a Xunta que chega cunha desculpa aos pais?
- 6.- Por que non levaban listas de menores nos propios autobuses? Entende a Xunta que non se está a pedir responsabilidade pola actuación deficiente das liñas de autobús?
- 7.- Cando pensa a Xunta impoñer sancións pola falta de dilixencia a estas empresas?

Santiago de Compostela, 09 de xaneiro de 2020.

Asinado: Luís Villares Naveira, Davide Rodríguez Estévez e Paula Vázquez Verao e Francisco Casal Vidal, deputada e deputados do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Francisco Casal Vidal na data 09/01/2020 14:45:05

David Rodríguez Estévez na data 09/01/2020 14:45:11





Paula Vázquez Veroa na data 09/01/2020 14:45:18

Luis Villares Naveira na data 09/01/2020 14:45:29



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Isabel Novo Fariña, Alberto Pazos Couñago, Jacobo Moreira Ferro, Beatriz Mato Otero, José Manuel Rey Varela, M^a Julia Rodríguez Barreira, Raquel Arias Rodríguez, Sandra Vázquez Domínguez e Guadalupe Murillo Solís, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1^a, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.

A Lei 18/2011, do 5 de xullo, reguladora do uso das tecnoloxías da información e a comunicación (TICs) na Administración de xustiza, preveu unha canle ou ferramenta para as comunicacións dos cidadáns cando non é preciso que interactuen coa administración de xustiza a través dos profesionais do Dereito (avogados, procuradores e graduados sociais).

Esta ferramenta é a **sede xudicial electrónica** que se define polo artigo 9 da lei 18/2011, como “endereço electrónico dispoñible para os cidadáns a través de redes de telecomunicacións cuxa titularidade, xestión e administración corresponden a cada unha das administracións competentes en materia de xustiza”, polo que Galicia é unha desas administracións en virtude da asunción das transferencias que en materia de xustiza.

En virtude a ditas competencias e pola Orde do 22 de setembro de 2016 pola que se crea e se regula a sede xudicial electrónica de Galicia púxose en funcionamento a nosa sede xudicial electrónica, converténdose así na primeira Comunidade Autónoma con competencias transferidas en contar cunha sede electrónica xudicial, facilitando o acceso as mesmas e a relación entre a Administración de xustiza, a cidadanía e os profesionais, en condicións de seguridade.

A presentación electrónica de escritos, a consulta do estado dos expedientes, ou a obtención de información sobre procedementos e formularios, son algúns dos servizos que a implantación da sede electrónica xudicial proporciona á cidadanía e aos profesionais e operadores xudiciais.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

-Que resultados ten dado ata o de agora a posta en marcha da sede xudicial electrónica como canle de comunicación electrónica segura da Administración de Xustiza coa cidadanía e os profesionais?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2020.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA**
Data asento: 10/01/2020 10:53:12
Nº Rexistro: 61248
Data envío: 10/01/2020 10:53:12.963

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado Del Río na data 10/01/2020 10:43:19

María Isabel Novo Fariña na data 10/01/2020 10:43:36

Alberto Pazos Couñago na data 10/01/2020 10:44:05

Jacobo Moreira Ferro na data 10/01/2020 10:44:16

Beatriz Mato Otero na data 10/01/2020 10:44:40

José Manuel Rey Varela na data 10/01/2020 10:44:51

María Julia Rodríguez Barreira na data 10/01/2020 10:45:03

Raquel Arias Rodríguez na data 10/01/2020 10:45:23

Sandra Vázquez Domínguez na data 10/01/2020 10:45:51

María Guadalupe Murillo Solís na data 10/01/2020 10:46:13

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGduUbpjYs35
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Sandra Vázquez Domínguez, Alberto Pazos Couñago, Isabel Novo Fariña, Paula Prado del Río, Jacobo Moreira Ferro, Beatriz Mato Otero, José Manuel Rey Varela, M^a Julia Rodríguez Barreira, Raquel Arias Rodríguez e Guadalupe Murillo Solís, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1^a, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

A Xunta de Galicia está inmersa plenamente nun proceso de transformación dixital para consolidar unha administración integramente dixital, máis accesible e proactiva nas súas relación coa cidadanía. Neste proceso, a nova Lei de administración dixital, veu a consolidar a Sede electrónica da Xunta de Galicia, como o punto de acceso único, sinxelo e accesible para a realización das xestións públicas, sen condicionantes horarios nin de espazo, coa máxima seguridade e contribuíndo a un uso máis eficiente dos recursos.

A través dela, os cidadáns teñen a posibilidade de relacionarse coa Xunta de Galicia e xestionar en liña toda a información relativa aos seus trámites administrativos sen ter que desprazarse presencialmente a unha oficina da Xunta e con todas as garantías de seguridade evitando presentar aquela documentación que xa consta na carpeta do cidadán.

No contexto actual, a utilización dos medios electrónicos está cada vez máis xeneralizada entre a poboación, polo que a Sede electrónica ten que evolucionar e adaptarse ás novas exigencias e necesidades para facela mais accesible á cidadanía sen que as xestións online supoñan unha barreira para ningún cidadán na súa relación coa administración galega.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

-Cales son as actuacións que está a desenvolver o Goberno galego para ampliar as funcionalidades da Sede electrónica da Xunta e os trámites que se poden realizar a través dela?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2020.

Asinado dixitalmente por:

Sandra Vázquez Dominguez na data 10/01/2020 10:49:20

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Alberto Pazos Couñago na data 10/01/2020 10:49:38

María Isabel Novo Fariña na data 10/01/2020 10:49:52

Paula Prado Del Río na data 10/01/2020 10:50:01

Jacobo Moreira Ferro na data 10/01/2020 10:50:38

Beatriz Mato Otero na data 10/01/2020 10:50:46

José Manuel Rey Varela na data 10/01/2020 10:51:01

Raquel Arias Rodríguez na data 10/01/2020 10:51:20

María Guadalupe Murillo Solís na data 10/01/2020 10:51:40

María Julia Rodríguez Barreira na data 10/01/2020 10:52:28

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Montserrat Prado Cores, Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión**, relativa á necesidade de cubrir a asistencia pediátrica no concello de Camariñas.

A veciñanza de Camariñas amosa a súa indignación porque unha vez máis quedaron sen servizo de Pediatría durante varios días. Situación que se enquistou no tempo pois vense repetindo nos últimos anos.

A Puericultora que teñen asignada neste concello como pediatra, ten todo o dereito a coller as súas vacacións, mais @s nen@s de Camariñas non poden precisar dese servizo durante ese período de vacacións.

Ao non ter servizo de pediatría neses períodos de vacacións trasládase este servizo ao concello de Vimianzo, sobrecargando este e facendo tarefa imposible solicitar cita previa nun tempo suficiente para atender a poboación infantil.

No BNG defendemos que @s nen@s do rural son coma os da cidade, teñen os mesmos problemas e as mesmas necesidades médicas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A lei 8/2008 de 10 de Xullo de Saúde de Galicia reconece o dereito a asignación de persoal facultativo con continuidade, así establece no seu Artigo 12º.- *“Dereitos relacionados coa prestación de servizos sanitarios por parte do Sistema Público de Saúde de Galicia”* recoñecendo no punto 5 o *“Dereito á asignación de persoal facultativo, que será o seu interlocutor principal co equipo asistencial, e, de ser o caso, do persoal de enfermaría responsable do seguimento e do plan de coidados. No caso de ausencia, as persoas substitutas asumirán tal responsabilidade.”* e no punto 9 o *“Dereito á continuidade asistencial, á coordinación e á integración das funcións asistenciais da atención primaria e especializada.”*

Compre destacar desta lei o artigo 14.1, *“Dereitos relacionados con grupos especiais.”* Onde di claramente que se debe prestar especial atención @s menores *“As persoas menores, as maiores dependentes, as enfermas mentais e terminais, as doentes que padecen enfermidades crónicas e discapacitantes, os e as pacientes diagnosticados de enfermidades raras ou de baixa incidencia na poboación e as persoas pertencentes a grupos de risco, en tanto que colectivos que deben ser obxecto de especial atención polas administracións sanitarias competentes, teñen dereito a actuacións e/ou programas sanitarios específicos e preferentes, que se executarán a través dos centros, servizos e establecementos do Sistema Público de Saúde de Galicia.”*

En resumo a Xunta de Galiza, a través do SERGAS incumpre a lei de Saúde de Galicia, deixando á súa cidadanía sen os servizos médicos básicos que así lle reconece a lei.

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para a súa resposta oral en comisión:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Considera o Goberno galego que con estas carencias están ben atendid@s nen@s do concello de Camariñas?
- Como valora o Goberno galego as carencias da asistencia pediátrica no concello de Camariñas?
- Vai a seguir sin substituír ao pediatra nas súas ausencias, ou ten intención de rectificar e non deixar desprotexid@s @s nen@s deste concello?
- Até onde está disposta a chegar a Xunta na política de recortes de persoal na sanidade pública galega?

Santiago de Compostela, 18 de xullo de 2019

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María Montserrat Prado Cores na data 18/07/2019 12:03:23

Xosé Luis Bará Torres na data 18/07/2019 12:03:38

Noa Presas Bergantiños na data 18/07/2019 12:03:48

Olalla Rodil Fernández na data 18/07/2019 12:04:05

Xosé Luis Rivas Cruz na data 18/07/2019 12:04:24

Ana Pontón Mondelo na data 18/07/2019 12:04:39



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, María Antón Vilasánchez, José Manuel Rey Varela, Jacobo Moreira Ferro, Beatriz Mato Otero, Alberto Pazos Couñago, Maribel Novo Fariña e Julia Rodríguez Barreira deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Os camiños a Santiago de Compostela son un sinal de identidade de Galicia, ademais de ser un símbolo relixioso, de solidariedade e de europeísmo, por iso a Xunta de Galicia ten unha serie de programas e actividades encamiñadas á súa atención e desenvolvemento sostible.

Entre eles destaca a atención dos camiños e peregrinos por parte dos voluntarios de protección civil. As Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil, sitas nos camiños a Santiago, adícanse dende hai anos á atencións aos peregrinos, albergues, concentración de persoas, etc.

Foi no ano 2016 cando se asinou un convenio de colaboración coa Agrupación de Voluntarios de Protección Civil do Camiño Francés, a través do cal se lle asignaba unha axuda económica para os gastos de funcionamento e atención aos peregrinos. O convenio volveuse a asinar no 2018 e neste ano 2019 ampliouse ás Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil do Camiño Portugués.

Estas actividades de atención levadas a cabo por las Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil deron bos resultados, e así o poñen de manifesto tanto os peregrinos coma as entidades locais ás que pertencen as Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil.

Ademais, tense demostrado que as Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil xogan un papel fundamental na consolidación dunha imaxe segura dos camiños de Santiago. Polo tanto, é importante continuar traballando e ampliar os convenios aos demais camiños.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes presenta a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión:

-Vai a continuar o Goberno galego apoiando dalgún xeito esta labor de atención aos peregrinos das Agrupacións de Voluntarios de Protección Civil?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2020.





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA**
Data asento: 10/01/2020 11:33:16
Nº Rexistro: 61255
Data envío: 10/01/2020 11:33:16.650

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado Del Río na data 10/01/2020 11:15:35

María Antón Vilasánchez na data 10/01/2020 11:15:56

José Manuel Rey Varela na data 10/01/2020 11:16:15

Jacobo Moreira Ferro na data 10/01/2020 11:17:03

Beatriz Mato Otero na data 10/01/2020 11:17:11

Alberto Pazos Couñago na data 10/01/2020 11:17:48

María Isabel Novo Fariña na data 10/01/2020 11:19:02

María Julia Rodríguez Barreira na data 10/01/2020 11:19:11

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGduUbpjYs35
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Isabel Novo Fariña, Jacobo Moreira Ferro, Beatriz Mato Otero, José Manuel Rey Varela, M^a Julia Rodríguez Barreira, Raquel Arias Rodríguez, Guadalupe Murillo Solís e Sandra Vázquez Domínguez, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1^a, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Hai xa case dous anos, o Parlamento de Galicia aprobaba a Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia, o primeiro texto legal da nosa Comunidade neste eido.

Unha lei que non só non quedou en papel mollado como adoita a dicir a oposición da lexislación aprobada neste Parlamento, senón Xunta de Galicia foi extraordinariamente rápida en cumprir cos primeiros mandatos da dita norma:

- Coa elaboración dun modelo de declaración responsable para autorizacións de verbenas e festas populares que facilitaba ás comisións de festas ou asociacións de veciños o cumprimento da disposición Adicional 4^a da lei.
- Coa tramitación e aprobación do Decreto 82/2018, do 2 de agosto, polo que se regula a Comisión de Espectáculos Públicos e Actividades Recreativas de Galicia e co posterior proceso de elección de membros, que permitiu ter constituída a finais dese mesmo ano á Comisión encargada de analizar os seguintes desenvolvementos lexislativos.
- Cos traballos desa Comisión no seu primeiro cometido: elaborar un proxecto de decreto polo que se aproba o Catálogo de espectáculos públicos, actividades recreativas e establecementos abertos ao público da Comunidade Autónoma de Galicia, texto que se fixo público en febreiro de 2019 no Portal de Transparencia e Goberno Aberto de Galicia para sometelo a un amplo proceso de participación pública e que foi aprobado definitivamente polo Consello da Xunta en setembro deste ano.

Ademais, a Xunta ten aberto desde xullo de 2019 un proceso de consulta pública previa destinado a recoller suxestións para proceder a elaborar un Regulamento de desenvolvemento da Lei que aclare todos aqueles extremos que os axentes afectados crean necesario precisar e en setembro de 2019 someteu a exposición pública o proxecto de orde pola que se determina o horario xeral de apertura e peche dos establecementos abertos ao público e de



inicio e finalización dos espectáculos públicos e das actividades recreativas na Comunidade Autónoma de Galicia.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

- Que novidades ou melloras achegarán os desenvolvementos pendentes da Lei 10/2017, do 27 de decembro, de espectáculos públicos e actividades recreativas de Galicia?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2020.

Asinado dixitalmente por:

Alberto Pazos Couñago na data 10/01/2020 10:59:54

Paula Prado Del Río na data 10/01/2020 11:00:06

María Isabel Novo Fariña na data 10/01/2020 11:00:44

Jacobo Moreira Ferro na data 10/01/2020 11:00:54

Beatriz Mato Otero na data 10/01/2020 11:01:12

José Manuel Rey Varela na data 10/01/2020 11:01:24

María Julia Rodríguez Barreira na data 10/01/2020 11:01:41

Raquel Arias Rodríguez na data 10/01/2020 11:02:10

María Guadalupe Murillo Solís na data 10/01/2020 11:02:22

Sandra Vázquez Domínguez na data 10/01/2020 11:02:37



Á Mesa do Parlamento

Isabel Novo Fariña, Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, Jacobo Moreira Ferro, Beatriz Mato Otero, José Manuel Rey Varela, M^a Julia Rodríguez Barreira, Raquel Arias Rodríguez, Guadalupe Murillo Solís e Sandra Vázquez Domínguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1^a, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

A Administración Autonómica segue reforzando todos os mecanismos que permitan respostas eficientes fronte ás posibles emerxencias. Durante estes últimos anos, aumentáronse esforzos co obxectivo de mellorar a prestación e seguir adaptando a seguridade ós novos tempos.

A Axencia Galega de Emerxencias multiplícase para solucionar os problemas que poden xurdir en calquera punto da nosa xeografía. Dispositivos humanos e físicos, prevención, tecnoloxía, información nas redes e, por suposto, formación.

A Academia Galega de Seguridade, situada na Estrada é un organismo autónomo, en continuo crecemento, de carácter administrativo xurde coa finalidade de desenrolar actividades formativas dirixidas á formación profesional en distintos ámbitos: policía, bombeiros, protección civil, ...

Dende a súa creación en 1992 multiplicou o gasto en formación e actividades dado que a formación é un dos piares fundamentais, pois permite mellorar habilidades para intervir nos distintos graos e de acordo coas necesidades na atención a accidentes e emerxencias.

O Partido Popular de Galicia foi o impulsor do creación desta Academia e defendeu sempre a súa potenciación. No programa electoral co que obtivo a confianza maioritaria da sociedade galega en 2016, o Partido Popular de Galicia fixo determinados compromisos arredor da Academia.

Un deles foi o de reforzar a colaboración na formación dos efectivos da Policía Nacional e da Garda Civil que exercen as súas labores na nosa Comunidade Autónoma, compromiso cumprido sobre o que xa se informou a esta cámara en xullo de 2017, a pregunta deste Grupo.

Tamén en maio de 2018 recibimos resposta a unha pregunta deste grupo sobre o novo proceso de centralización da convocatoria de oposicións a través da Academia Galega de Seguridade Pública.

Porén, o noso programa recollía aínda máis compromisos arredor da Academia: seguir fortalecendo o seu papel no que atinxe ao enriquecemento do capital humano dos servizos de emerxencias e protección civil; elaboración de programas formativos para Grupos de



Emerxencias Supramunicipais e corpos de bombeiros ou ampliación da oferta formativa a colectivos como o persoal de xustiza e institucións penitenciarias.

Neste último ano da lexislatura, o Grupo Parlamentario Popular considera necesario facer un balance do cumprimento por parte da Xunta de Galicia destes compromisos.

Por todo o exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

- Cal é o balance que fai a Xunta de Galicia sobre a formación que se está desenvolvendo na Academia Galega de Seguridade (AGASP)?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2020.-

Asinado dixitalmente por:

María Isabel Novo Fariña na data 10/01/2020 11:09:20

Paula Prado Del Río na data 10/01/2020 11:09:31

Alberto Pazos Couñago na data 10/01/2020 11:09:49

Jacobo Moreira Ferro na data 10/01/2020 11:10:07

Beatriz Mato Otero na data 10/01/2020 11:10:20

José Manuel Rey Varela na data 10/01/2020 11:10:39

María Julia Rodríguez Barreira na data 10/01/2020 11:11:14

Raquel Arias Rodríguez na data 10/01/2020 11:13:24

María Guadalupe Murillo Solís na data 10/01/2020 11:13:45

Sandra Vázquez Domínguez na data 10/01/2020 11:14:07

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Á Mesa do Parlamento

Isabel Novo Fariña, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, Jacobo Moreira Ferro, Beatriz Mato Otero, José Manuel Rey Varela, M^a Julia Rodríguez Barreira, Raquel Arias Rodríguez, Guadalupe Murillo Solís e Sandra Vázquez Domínguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1^a, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Conscientes da importancia que o servizo de protección civil ten na Comunidade Autónoma, o Partido Popular de Galicia recolleu no seu programa electoral para o ano 2016 o seguinte compromiso: *“Incentivaremos e dinamizaremos a participación da sociedade en tarefas de protección civil a través de campañas de promoción do voluntariado, de captación de novos membros e promovendo o recoñecemento social e institucional da labor deste persoal voluntario, continuando a formación e axudas para o funcionamento das Agrupacións de Voluntarios de Protección civil”.*

Os avances en materia de axudas ás AVPC son innegables. Só neste verán a Xunta dotou a 66 agrupacións galegas de 16 vehículos todo terreo tipo pick-up, 21 remolques para a atención ás emerxencias e 29 tendas de campaña de emerxencias. Un investimento superior ao millón de euros que non é puntual senón que vén a complementar o amplo proceso de equipamento das AVPC levado a cabo pola Xunta nos últimos anos.

Na formación, a mellora tamén é patente. 2018 foi o ano de maior actividade da Academia Galega de Seguridade Pública na súa historia en número de actividades, entre as que as de formación a persoal voluntario de protección civil teñen un papel fundamental.

Cumprido o comprometido en materia de axudas e formación, o Grupo Popular considerou necesario impulsar actuacións relativas á promoción e o recoñecemento social do voluntariado de protección civil.

En xaneiro deste mesmo ano, sometemos á votación unha iniciativa que lamentablemente non contou co apoio de todos os grupos da oposición e que tiña o seguinte contido: “O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dinamizar a participación da sociedade en tarefas de protección civil a través de campañas de promoción do voluntariado, de captación de novos membros e da promoción do recoñecemento social e institucional do labor deste persoal voluntario.”



Transcorridos xa varios meses desde a aprobación daquel acordo, o Grupo Popular considera de interese coñecer os avances realizados nese aspecto que restaba por desenvolver do programa do noso partido en materia de protección civil.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

- Que avances ten efectuado a Xunta de Galicia nos últimos meses en relación á promoción e o recoñecemento social do voluntariado de protección civil?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2020.

Asinado dixitalmente por:

María Isabel Novo Fariña na data 10/01/2020 11:05:58

Alberto Pazos Couñago na data 10/01/2020 11:06:11

Paula Prado Del Río na data 10/01/2020 11:06:25

Jacobo Moreira Ferro na data 10/01/2020 11:06:37

Beatriz Mato Otero na data 10/01/2020 11:06:46

José Manuel Rey Varela na data 10/01/2020 11:06:58

María Julia Rodríguez Barreira na data 10/01/2020 11:07:19

Raquel Arias Rodríguez na data 10/01/2020 11:07:27

María Guadalupe Murillo Solís na data 10/01/2020 11:07:50

Sandra Vázquez Domínguez na data 10/01/2020 11:08:22



Á Mesa do Parlamento

María Isabel Novo Fariña, Paula Prado del Río, María Julia Rodríguez Barreira, Beatriz Mato Otero, Jacobo Moreira Ferro, José Manuel Rey Varela, Alberto Pazos Couñago e Diego Calvo Pouso ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **Pregunta oral para o seu debate en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

A contribución e o esforzo do goberno autonómico en materia de emerxencias supera as competencias que ten establecida por Lei. A Xunta contribúe de maneira directa ao financiamento de servizos de emerxencias porque considera unha prioridade contar con servizos que se atopen plenamente dotados e preparados ante calquer situación de emerxencias que poidan afectar á poboación.

Xa dentro das competencias autonómicas, a Lei 5/2007 de 7 de Maio de Emerxencias de Galicia crea a Axencia Galega de Emerxencias configurándoa como un ente instrumental encargado do estudo e a execución da política autonómica en materia de protección civil e xestión das emerxencias.

No seu artigo 18 sobre as funcións correspóndelle á Axencia Galega de Emerxencias: “*Pór a a disposición dos órganos competentes da Xunta de Galicia os medios á súa disposición para a xestión das emerxencias de interese galego baixo a superior dirección da persoa titular da presidencia da Xunta ou da persoa titular da consellería na que esta delegue e mais daqueloutras emerxencias que os plans especiais ou territoriais determinen*”

A AXEGA fai unha gran labor no eido das emerxencias as cales podemos tipificar en emerxencias ordinarias, onde non é preciso a actuación dun plan porque os medios habituais son suficientes, e as emerxencias extraordinarias, aquelas nas que se supera a capacidade de resposta dos dispositivos habituais de atención ás emerxencias e se necesitan medidas adicionais e extraordinarias.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta oral en Comisión:

- Que medios pon a dispor a Axencia Galega de Emerxencias para a xestión das emerxencias ordinarias e as emerxencias extraordinarias?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2020.

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2020 11:34:10
Nº Rexistro: 61259
Data envío: 10/01/2020 11:34:10.885**

María Isabel Novo Fariña na data 10/01/2020 11:29:19

Paula Prado Del Río na data 10/01/2020 11:29:31

María Julia Rodriguez Barreira na data 10/01/2020 11:29:52

Beatriz Mato Otero na data 10/01/2020 11:30:06

Jacobo Moreira Ferro na data 10/01/2020 11:30:26

José Manuel Rey Varela na data 10/01/2020 11:30:41

Alberto Pazos Couñago na data 10/01/2020 11:31:05

Diego Calvo Pouso na data 10/01/2020 11:31:15

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGduUbpjYs35
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**.

O pasado 10 de setembro facíase público como o Avogado Xeral do Tribunal de Xustiza da Unión Europea indicaba que o índice de referencia de empréstitos hipotecarios (IREH) non é transparente e pode mesmo ser abusivo.

Aínda que esta cuestión non é vinculante, as fontes expertas indican a posibilidade de que finalmente poida vir desde o ámbito europeo unha sentenza que obrigue a anular este imposto hipotecario que o Tribunal Supremo español avalara en 2017 e abrir a porta a unha vía de reclamación para milleiros de usuarios e usuarias, tamén en Galiza.

No caso de Galiza poderíamos falar mesmo de máis de 13.500 casos, un volume importante de persoas afectadas e unha heteroxeneidade de casuísticas que non está exenta de complexidade. Neste sentido, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego entende que cómpre activar os mecanismos cos que o noso país conta para o exercicio das súas competencias exclusivas en consumo e prever unha atención adecuada. Máis aínda, cómpre lamentar como en casos recentes de calotes bancarios como é o das “cláusulas chan” lamentablemente moitos usuarios e usuarias tiveron que





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ir á vía xudicial, cuestión que a protección dos poderes públicos debера ser tendente a evitar polas dificultades que supón.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

Que actuacións prevé o goberno galego diante da nova situación xerada respecto do índice de referencia de empréstitos hipotecarios?

Como valora a Xunta de Galiza as conclusións do Avogado Xeral do Tribunal de Xustiza da Unión Europea? Realizou ou vai realizar algún estudo xurídico sobre a cuestión?

Prevé ou vai prever a Xunta de Galiza algún reforzo do Instituto Galego do Consumo e da Competencia? De que tipo? Con que estimación económica? E de reforzo de persoal? E respecto de oficinas específicas?

Reuniuse ou vaise reunir o goberno galego co sector das asociacións de consumidores e consumidoras para abordar esta cuestión?

E co sector bancario?

Considera o goberno galego que é preciso impulsar algunha reforma legal para mellorar a protección das e dos consumidores?

Santiago de Compostela, 11 de setembro de 2019





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 12/09/2019 09:58:47

Xosé Luis Bará Torres na data 12/09/2019 09:58:55

María Montserrat Prado Cores na data 12/09/2019 09:59:01

Olalla Rodil Fernández na data 12/09/2019 09:59:09

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/09/2019 09:59:18

Ana Pontón Mondelo na data 12/09/2019 09:59:27





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa á queima de aceites industriais na planta de ENCE en Lourizán.

A Asociación pola Defensa da Ría de Pontevedra (APDR) denunciou publicamente no mes de xullo o uso de 18.000 toneladas de aceites industriais para procesos de combustión na planta de ENCE en Lourizán.

De confirmarse esta denuncia, estaríamos diante dun feito moi grave posto que, ademais da normativa estatal e europea que prohíbe a queima destes aceites sen tratar por producir partículas tóxicas moi prexudiciais para o medio e a saúde humana, a queima destes aceites está expresamente prohibida na AAI concedida a ENCE, que só permite a utilización como combustible de biomasa.

Cómpre ter en conta que na resposta enviada ao medios o pasado xoves 18 de xullo, ENCE veu a recoñecer o uso de aceites industriais procesados, polo que estaría a incumprir a AAI. E con respecto ao cumprimento da normativa que regula o uso destes aceites, hai que ter en conta a aprobación en 2018 dunha norma estatal sobre aceites usados procesados que é moi restritiva, se ben establece unha moratoria para o seu cumprimento de 24 meses que remata en febreiro de 2020.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Diante destes feitos, o Grupo Parlamentar do BNG considera necesario abrir unha investigación por parte da Xunta de Galiza e que se extreme o control sobre as emisións contaminantes da fábrica de Lourizán, polo grave risco que suporían para a saúde humana as partículas tóxicas producidas pola combustión de aceites industriais.

A este respecto, o BNG manifesta a súa preocupación polos datos proporcionados o pasado xoves por ENCE a respecto dos puntos de control das súas emisións aéreas, nos que cita a estación de medición da Xunta en Campolongo que segundo Meteogalicia está ubicada nesa zona porque ten como finalidade medir a contaminación producida polo tráfico e pola actividade doméstica e residencial, e non a contaminación industrial.

Somos coñecedores de que, en cumprimento dese compromiso, son moitas as actuacións que se están acometendo neses edificios; non só para a súa conservación e mantemento ordinario, senón actuacións de mellora e adaptación, para optimizalos dende o punto de vista funcional, enerxético, etc. en definitiva, actuacións que garantan que os edificios xudiciais sirvan en todo momento, de forma óptima, os fins que lle son propios.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta oral en Comisión:

- Que obras de adaptación e mellora dos edificios xudiciais da nosa Comunidade ten efectuado a Xunta de Galicia no que vai de lexislatura?



Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2020.

Asinado dixitalmente por:

María Julia Rodriguez Barreira na data 10/01/2020 12:52:45

Paula Prado Del Río na data 10/01/2020 12:53:03

Jacobo Moreira Ferro na data 10/01/2020 12:53:24

María Isabel Novo Fariña na data 10/01/2020 12:53:32

Beatriz Mato Otero na data 10/01/2020 12:53:48

Alberto Pazos Couñago na data 10/01/2020 12:54:26

José Manuel Rey Varela na data 10/01/2020 12:54:35

Diego Calvo Pouso na data 10/01/2020 12:54:49

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Isabel Novo Fariña, Alberto Pazos Couñago, Jacobo Moreira Ferro, Beatriz Mato Otero, José Manuel Rey Varela, M^a Julia Rodríguez Barreira, Raquel Arias Rodríguez, Sandra Vázquez Domínguez e Guadalupe Murillo Solís, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1^a, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

A implantación do Expediente Xudicial Electrónico só pode materializarse si se conta coas infraestruturas adecuadas para dar cabida aos compoñentes tecnolóxicos involucrados no novo modelo.

O Plan Senda 2014 da Xunta de Galicia abriu o camiño cara a este novo modelo, e o Plan Senda 2020 consolidou este obxectivo a través da posta en marcha dun conxunto de iniciativas, entre as cales configurou a videoconferencia como un servizo básico na Administración de Xustiza.

O emprego da videoconferencia é unha ferramenta máis demandada hoxe en día polo servizo público da Xustiza dada as súas múltiples vantaxes, como medio para mellorar as comunicación e eliminar a totalidade de desprazamentos innecesarios dos distintos axentes que participan nun procedemento xudicial, polo que debe ser unha actuación estratéxica da Xunta de Galicia o potenciar este servizo coa ampliación da rede de videoconferencias, pois tamén é un elemento importante de cara ao expediente xudicial electrónico.

Dende o ano 2017 a totalidade de sedes xudiciais de Galicia dispoñen de sistemas de videoconferencia, que permiten a participación remota nunha vista ou declaración na Administración de Xustiza en Galicia, permitindo o emprego deste tipo de solucións eficientar en tempo e custo a súa función.

Non obstante, dado o alto grado de uso de este equipamento e a mellora no servizo a cidadanía e na axilidade da tramitación dos procedementos xudiciais que supoñen, cómpre levar a cabo actuacións que garantan unha inversión continuada para a dotación de máis sistemas de videoconferencia nos partidos xudiciais con maior demanda ou con novos espazos a acondicionar.

Por todo isto, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.





- Cantos equipos conforman a rede de videoconferencia da Administración de Xustiza en Galicia?
- Que actuacións de futuro están contempladas con relación á rede de videoconferencias?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2020.-

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado Del Río na data 10/01/2020 12:31:05

María Isabel Novo Fariña na data 10/01/2020 12:49:00

Alberto Pazos Couñago na data 10/01/2020 12:49:34

Jacobo Moreira Ferro na data 10/01/2020 12:49:47

Beatriz Mato Otero na data 10/01/2020 12:50:06

José Manuel Rey Varela na data 10/01/2020 12:50:18

María Julia Rodríguez Barreira na data 10/01/2020 12:50:31

Raquel Arias Rodríguez na data 10/01/2020 12:50:55

Sandra Vázquez Domínguez na data 10/01/2020 12:51:07

María Guadalupe Murillo Solís na data 10/01/2020 12:51:25



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María del Carmen Rodríguez Dacosta, Concepción Burgo López e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 4.ª, Educación e Cultura**.

No ano 1969, rematado o que en Ourense é coñecido como “edificio da Torre”, a caixa de aforros propietaria deste, e en compensación polos problemas urbanísticos xurdidos derivados da construción do mesmo, cedeu varias dependencias deste edificio, que foi declarado “edificio singular”, á cidade. Nun deses locais, na entreplanta, asentouse o Ateneo, cuxo aluguer pagaba primeiro o Ministerio de Información e Turismo, e posteriormente a Xunta de Galicia.

O Ateneo, nunha época na que o debilitamento da ditadura comezaba a ser patente, fomentou as actividades de oposición ao franquismo favorecendo a confluencia de diversos movementos de protesta, sendo dende os seus inicios un verdadeiro reduto para debater en liberdade, e un referente de tolerancia e diversidade. Este espazo aberto á sociedade aglutinou a persoeiros do mundo da cultura e da sociedade ourensán tan insignes coma os escritores Vicente Risco e Blanco Amor, o doutor Cabaleiro Goás, o pintor Xaime Quesada, ou aos políticos Celso Montero e Peña-Rey. Coa chegada da democracia o Ateneo mantivo a súa acción, formando parte da súa programación actividades culturais, roldas de prensa de plataformas cidadás, actos de solidariedade, debates políticos, ou actividades varias como campionatos de xadrez.

O ano 2010 marcou o comezo dun camiño complicado e complexo que chega ata o día de hoxe, cun futuro incerto para a supervivencia da entidade. Unha orde de desaloxo, froito de intereses urbanísticos e económicos ante a que a Xunta de Galicia reaccionou con resignación e complicidade, obrigaba ao Ateneo a abandonar os seus locais históricos, o que supoñía ter que asumir un custo ata entón inexistente: o pago dun aluguer. Finalmente en novembro do ano 2011 prodúcese o desaloxo do espazo que viña ocupando tradicionalmente esta institución.

Tras idas e vindas, o Ateneo instalouse finalmente, compartindo local co Club de Tenis de Ramirás, quen lles cedeu parte das instalacións. Pero en 2014, o baixo no que se atopa foi posto á venda, e cando esta se produza, se os novos donos non permiten ao Ateneo continuar, a entidade enfrontarase, con toda probabilidade, ao



final do seu camiño, xa que lle resultará moi difícil atopar outro espazo cuxo custo poida asumir.

Neste contexto, o 9 de marzo de 2016 aprobouse na Comisión 4.^a, de Educación e Cultura unha proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista, segundo a cal se chegaba ao seguinte acordo:

“O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a consultar co Ministerio de Facenda do Estado Español o rexistro de locais baleiros de titularidade pública, para que se abra un proceso de negociación encamiñado a dotar dun local ao Ateneo de Ourense para que continúe coa súa actividade sen ánimo de lucro garantindo que os contactos se produzan no prazo máximo dun mes”.

Posteriormente, preguntado polo Grupo Parlamentario Socialista no Pleno do Parlamento de Galicia sobre a situación no que se atopaban as negociacións para dotar ao Ateneo de Ourense dun local, o conselleiro de Cultura afirmaba que “o 20 de abril a consellería recibira unha notificación da Delegación de Economía e Facenda onde se comunicaba que, tendo en conta as características do espazo demandado e tendo en conta o inventario de bens que tiña a Axencia Tributaria, a axencia estatal en Ourense non dispuña de locais baleiros adecuados ás necesidades demandadas”, ao tempo que recoñecía que “existen locais, pero agora hai que ver se eses locais que existen compren os requisitos demandados e comunicados por parte da directiva á consellería”.

O Ateneo de Ourense recibía unha notificación de desaloxo do local provisional que ocupaban ata entón, que tiña que abandonar antes do día 10 de abril do ano 2017.

Xerouse entón en Ourense un movemento social en defensa do Ateneo de Ourense que desembocou na creación dunha plataforma cidadá para evitar o peche desta entidade senlleira da cidade, que fixo que as institucións reaccionaran ás demandas da cidadanía comprometéndose a que unha vez se complete o traslado da Biblioteca Pública de Ourense a San Francisco, o Goberno galego procedería a reordenar o edificio da rúa Concello e cederlle un espazo. Para solucionar esa fase transitoria, a Deputación puxo a disposición da asociación as dependencias do centro cultural Marcos Valcárcel, que é no que se atopa na actualidade.



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Coñece a Xunta de Galicia cando ten previsto o Goberno de España poñer en marcha o complexo de San Francisco, situado en Ourense, que entre outros espazos conterà a futura Biblioteca Nodal e o Arquivo Histórico Provincial?
2. Cando ten previsto levarse a cabo o traslado da actual biblioteca pública de Ourense, situada na rúa Concello, ao complexo de San Francisco?
3. Garante o Goberno galego que unha vez se materialice o traslado da actual biblioteca pública de Ourense, situada na rúa Concello, ao complexo de San Francisco, cederá un espazo ao Ateneo de Ourense para que este poida desempeñar a súa actividade?
4. En caso afirmativo, cales serían as características técnicas dese espazo?
5. Ten coñecemento a Xunta de Galicia de se a Deputación de Ourense ten previsto, ata que se realice este traslado, que o ateneo de Ourense poida ocupar as dependencias do centro cultural Marcos Valcárcel, que é no que se atopa na actualidade?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2020

Asdo.: Noela Blanco Rodríguez
María del Carmen Rodríguez Dacosta
Concepción Burgo López
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 10/01/2020 12:35:15

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 10/01/2020 12:35:28

Maria de la Concepción Burgo López na data 10/01/2020 12:35:39

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/01/2020 12:35:48



Á Mesa do Parlamento

Sandra Vázquez Domínguez, Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Jacobo Moreira Ferro, Beatriz Mato Otero, Alberto Pazos Couñago, Maribel Novo Fariña e Julia Rodríguez Barreira deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Nos últimos anos as tecnoloxías da información e da comunicación cambiaron substancialmente o funcionamento da Administración pública e o modo no que esta se relaciona coa cidadanía, facilitando a comunicación, incrementando a súa eficacia e evitando os desprazamentos innecesarios.

En consonancia co anterior, a nova lexislación administrativa básica (Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento administrativo común das administracións públicas e Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público) senta as bases dun aparato administrativo que lle asegura ás persoas a posibilidade de relacionarse cos organismos públicos a través de medios electrónicos, poñendo á disposición dos interesados todas as canles de acceso que sexan precisas así como garantindo o dereito a recibir asistencia no seu uso por parte dos empregados públicos.

En desenvolvemento desta nova lexislación básica, así como dos plans de modernización da administración desenvolvidos pola Xunta nos últimos 10 anos, este Parlamento aprobou en xullo deste ano a Lei de administración dixital de Galicia (Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia), que vén de entrar en vixencia a partires deste verán e que consolida unha administración integramente dixital e universaliza o uso e acceso da cidadanía aos servizos dixitais.

Nesta nova Administración sen papel, baseada nun funcionamento integramente electrónico, a formación do persoal empregado público configúrase como esencial tanto pola complexidade técnica que implica este novo escenario como polas últimas modificacións normativas. Deste xeito, a programación de accións formativas cunha importante carga práctica resulta imprescindible para comprender e poder usar de xeito eficaz todas as ferramentas creadas pola Xunta de Galicia para a posta en marcha da administración electrónica.

Por todo o anterior, os deputados e deputadas asinantes presentan a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Comisión:





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2020 13:10:20
Nº Rexistro: 61301
Data envío: 10/01/2020 13:10:20.344

- Cal é a formación impartida pola Escola Galega de Administración Pública (EGAP) durante este ano para facilitar a transición a unha administración dixital a través de actividades de tipo práctico e colaborativo?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2020.

Asinado dixitalmente por:

Sandra Vázquez Domínguez na data 10/01/2020 13:07:24

Paula Prado Del Río na data 10/01/2020 13:08:04

José Manuel Rey Varela na data 10/01/2020 13:08:22

Jacobo Moreira Ferro na data 10/01/2020 13:08:47

Beatriz Mato Otero na data 10/01/2020 13:08:55

Alberto Pazos Couñago na data 10/01/2020 13:09:08

María Isabel Novo Fariña na data 10/01/2020 13:09:22

María Julia Rodríguez Barreira na data 10/01/2020 13:09:33

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

CSV: BOPGDSPGduUbpjYs35
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, Luís Manuel Álvarez Martínez, María Luisa Pierres López e Patricia Vilán Lorenzo, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Os veciños e veciñas de San Vicente de Leira, no concello de Vilamartín de Valdeorras, levan máis de vinte cinco anos coa estrada que leva as súas casas cortada ao tráfico, a OU-0807.

A pesar de que esta vía, de titularidade da Deputación de Ourense, leva cortada así como sinalizada a prohibición de circular pola mesma polo mal estado no que se atopa dende hai tempo, era a estrada pola que circulaban a diario ata o de agora, tanto as ambulancias, como o transporte escolar e de todo tipo de vehículos, e mesmo os propios veciños e veciñas.

Durante estes anos, a situación da estrada aínda se foi deteriorando máis, debido en gran medida a actividade das explotacións de lousa da zona así como a súa utilización a diario para ese tráfico pesado, ata que as choivas destas últimas semanas provocaron unha greta lonxitudinal no medio da calzada, existindo segundo afirman os técnicos no tramo final (o máis próximo a San Vicente de Leira), un alto risco de derrube. O pasado sábado a Deputación de Ourense realizou o corte físico desta estrada.

A alternativa que ofrecen é circular pola estrada de O Robledo, de titularidade municipal, que debido a súa elevada pendente así como ao firme e outras consideracións técnicas, non ofrece óptimas condicións de seguridade.

Dende a Deputación de Ourense afirmase que esta é unha solución provisional mentres non se leve a cabo a obra de recheo da vaguada, pero a veciñanza leva esperando máis de vinte anos a que a institución provincial realice esta obra.

Non parece dunha administración responsable, tanto sexa provincial como autonómica, ter a unha poboación illada (a maioría persoas maiores), e sen acceso por estrada, desentendéndose do que poida pasar por non ter a posibilidade de circular por unha estrada en condicións de seguridade.



Sabemos que se trata dunha obra que esixe un orzamento importante para unha Deputación, pero tamén sabemos que as diferentes administracións son solidarias no caso de asegurar servizos mínimos para os cidadáns administrados, que un acceso seguro as súas casas é algo básico, e que ademais o levan reivindicando os veciños e veciñas de San Vicente dende hai máis de 25 anos.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia do estado de illamento no que se atopa a veciñanza de San Vicente de Leira, no concello de Vilamartín de Valdeorras (Ourense), debido ao corte físico da estrada OU-0807?
2. Que consecuencias cre o Goberno galego que pode ter para os veciños e veciñas de San Vicente de Leira, a maioría deles persoas maiores, o estado de illamento no que se atopan?
3. En caso de que se produza unha emerxencia, que vial se empregaría para acceder a esta poboación?
4. Púxose en contacto a Xunta de Galicia coa Deputación de Ourense, para estudar a posibilidade de colaborar para intentar solucionar esta situación?
5. Ten previsto o Goberno galego colaborar coa Deputación de Ourense para financiar o arranxo da estrada OU-0807 que chega ata a poboación de San Vicente de Leira?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 10/01/2020 13:15:42

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 10/01/2020 13:15:56

María Luisa Pierres López na data 10/01/2020 13:16:06

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/01/2020 13:16:21



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A Lei 39/2006, do 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, acaba de cumprir 11 anos cunha bagaxe certamente pobre, e cunhas complicadas perspectivas de futuro ligadas indefectiblemente ao déficit de financiamento, e tamén ás trabas burocráticas dunha lexislación que naceu para facer fronte á delicada situación de cidadáns e cidadás que non poden valerse por si mesmos, e a das súas familias e cuidadores.

No artigo 18 da devandita lei establécese a *“prestación económica para coidados na contorna familiar, e o apoio a cuidadores non profesionais:*

- 1. Excepcionalmente, cando o beneficiario estea a ser atendido pola súa contorna familiar, e reúnanse as condicións establecidas no artigo 14.4, recoñecerase unha prestación económica para coidados familiares.*
- 2. Previo acordo do Consello Territorial de Servizos Sociais e do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia estableceranse as condicións de acceso a esta prestación, en función do grao recoñecido á persoa en situación de dependencia e da súa capacidade económica.*
- 3. O cuidador deberá axustarse ás normas sobre afiliación, alta e cotización á Seguridade Social que se determinen regulamentariamente.*
- 4. O Consello Territorial do Sistema para a Autonomía e Atención á Dependencia promoverá accións de apoio aos cuidadores non profesionais que incorporarán programas de formación, información e medidas para atender os períodos de descanso”.*

Galicia no ámbito das súas competencias, recolle a oferta das prestacións establecidas na Lei 39/2006, do 14 de decembro, integrándoas no Sistema Galego de Servizos Sociais, a través da Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia, así como na súa normativa de desenvolvemento.

Aos retallos na atención aos dependentes, hai que engadir as numerosas respostas negativas a solicitudes de prestación económica na contorna familiar. É habitual



que se atribúa un servizo de axuda no fogar (SAF) e non o solicitado, a prestación, o que está motivando moitos recursos e incluso renuncias aos dereitos recollidos na propia Lei de dependencia.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cando se cumpren once anos da aprobación da Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, e rematado o seu proceso de implantación, que valoración fai a Xunta de Galicia do cumprimento dos seus obxectivos na nosa comunidade autónoma?
2. Considera o Goberno galego que o desenvolvemento da Lei de promoción de autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia se realizou garantindo o aceso con carácter universal e equidade?
3. Cal é a previsión da Xunta de Galicia en relación ao incremento das persoas usuarias do Servizo de Axuda no Fogar?
4. Que balance fai a Xunta de Galicia da concesión de prestacións económicas na contorna familiar nestes últimos anos na nosa comunidade autónoma?
5. Das solicitudes de prestacións económicas na contorna familiar realizadas nos últimos dous anos, cantas se rexeitaron?
6. A cantas das solicitudes rexeitadas de prestacións económicas na contorna familiar realizadas nos últimos dous anos, se lles atribuíu un servizo de axuda no fogar (SAF)?
7. Canto tempo tardan de media en resolverse os recursos contra as resolucións de dependencia?
8. Ten previsto a Xunta de Galicia tomar algunha medida para axilizar a resolución dos recursos de dependencia?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 10/01/2020 13:17:56

Julio Torrado Quintela na data 10/01/2020 13:18:07



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez, María Luisa Pierres López e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

No Diario Oficial de Galicia do 17 de abril de 2018 publicouse a Resolución do 3 de abril de 2018, da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, pola que se procede á publicación das axudas concedidas en virtude da Orde do 4 de xullo de 2017 pola que se regulan as bases que rexerán a concesión de axudas económicas para a creación de escolas infantís 0-3 en polígonos industriais e parques empresariais, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional no marco do programa operativo Feder Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia competitiva para os anos 2017 e 2018.

As axudas teñen por obxecto a posta en funcionamento de escolas infantís de 0-3 anos en polígonos industriais e parques empresariais da Comunidade Autónoma de Galicia que cumpran os requisitos establecidos no Decreto 329/2005, do 28 de xullo, polo que se regulan os centros de menores e os centros de atención á infancia, así como a normativa de desenvolvemento, se for o caso.

O crédito orzamentario disposto é de 1.400.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 12.02.312B.781.0, distribuído en dúas anualidades, correspondendo 350.000 euros á anualidade de 2017 e 1.050.000 euros á anualidade de 2018.

As entidades beneficiarias e o importe das axudas concedidas a cada unha delas, expresado en euros, recóllense no anexo desta resolución:

Número expediente	Entidade solicitante	Importe axuda
BS403D-1/2017	Asociación de empresarios de Mos-AEMOS	200.000 €
P BS403D-3/2017 r	Entidade Urbanística de Conservación do Polígono Industrial da Tomada	200.000 €



Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que valoración fai a Xunta de Galicia do cumprimento dos obxectivos previstos polo goberno galego a respecto da creación de escolas infantís de 0-3 anos en polígonos industriais e parques empresariais?
2. Cantas solicitudes de axudas económicas para a creación de escolas infantís de 0-3 anos en polígonos industriais e parques empresariais, recibiu a Xunta de Galicia?
3. Das axudas recibidas, cantas foron rexeitadas?
4. No caso de que se rexeitaran algunhas solicitudes de axudas, cales foron os motivos en cada caso?
5. Cal cre a Xunta de Galicia que son os motivos do reducido número de entidades beneficiarias recibidas por parte dos parques empresariais e polígonos industriais para a creación de escolas infantís?
6. Tendo en conta o baixo grado de execución do crédito orzamentario para a concesión destas axudas económicas, qué medidas ten previsto poñer en marcha o goberno galego para incrementar o número de escolas infantís de 0-3 anos para a creación de escolas infantís de 0 a 3 anos en polígonos industriais e parques empresariais?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2020

Asdo.:Noela Blanco Rodríguez
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 10/01/2020 13:19:10

María Luisa Pierres López na data 10/01/2020 13:19:21

Julio Torrado Quintela na data 10/01/2020 13:19:33



Á Mesa do Parlamento

Noela Blanco Rodríguez e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 5.ª, Sanidade, Política Social e Emprego**.

A Lei 39/2006, do 14 de decembro de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia, acaba de cumprir 11 anos cunha bagaxe certamente pobre, e cunhas complicadas perspectivas de futuro ligadas indefectiblemente ao déficit de financiamento, e tamén ás trabas burocráticas dunha lexislación que naceu para facer fronte á delicada situación de cidadáns e cidadás que non poden valerse por si mesmos e a das súas familias e coidadores.

Así, aos recortes orzamentarios e normativos do Goberno de España do PP, en Galicia sumóuselle a vontade do Goberno de Feijoo en apuntalar o desmantelamento do sistema. Aos reiterados incumprimentos da lexislación vixente, coa tardanza en realizar as avaliacións, a resolución das mesmas con graos menores para aforrar custes ou sinxelamente avaliacións sen grao, a perda do dereito de seren atendidas as persoas avaliadas co grao I, e o atraso da atención ás persoas en situación de dependencia moderada, súmanse ás reducións das prestacións económicas, o incremento dos copagos para as persoas usuarias, o empeoramento dos servizos de axuda a domicilio, etc.

Segundo datos recentes do Ministerio de Sanidade, Servicios Sociais e Igualdade, en Galicia hai máis de 80.000 persoas que solicitaron as axudas da dependencia. Delas 66.000 teñen este dereito xa recoñecido, e unhas 55.000 están a recibir a prestación. Pero a comunidade autónoma galega ten segundo datos do IGE 240.000 maiores de 80 anos, e 232.000 persoas con discapacidade. O último informe do Ministerio de Sanidade, do pasado 28 de febreiro de 2018, sinala que en Galicia pediron unha prestación o 2,98 % dos galegos, unha das porcentaxes máis baixas de España, e as únicas autonomías con menor taxa son Baleares, Canarias e Valencia, onde a pirámide demográfica é moi distinta.

Segundo advirte o último informe sobre o estado da dependencia en Galicia, publicado por Comisións Obreiras, hai decenas de miles de galegos que poderían pedir esta axuda pero sen embargo non o fan. O informe presentado polo sindicato tamén pon o foco nas persoas que teñen o dereito recoñecido e con todo non reciben axudas. Eran a finais do 2017 máis de once mil, o 17,6 % do total de



persoas beneficiarias. A finais do 2017 o 32 % das persoas usuarias tiñan axuda a domicilio; o 21 % recibían unha prestación económica por coidados familiares; o 12 % estaban nunha residencia e o 11 % acudían a un centro de día ou de noite. Ademais o 32 % das persoas con dereito recoñecido teñen un grao III, o nivel máis severo.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cando xa se cumpriron once anos da aprobación da *Lei de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia*, e rematado o seu proceso de implantación, que valoración fai a Xunta de Galicia do cumprimento dos seus obxectivos na nosa comunidade autónoma?
2. Cal é o número total de poboación potencialmente dependente en Galicia?
3. Por que cre a Xunta de Galicia, que segundo datos do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, Galicia é unha das comunidades onde a porcentaxe de persoas que solicitan esta prestación é máis baixa en relación á poboación potencialmente dependente?
4. Ten previsto o Goberno galego tomar algunha medida para incrementar a porcentaxe de persoas que solicitan esta prestación?
5. Considera o Goberno galego que o gasto público por poboación potencialmente dependente é suficiente?
6. Considera o Goberno galego que o desenvolvemento da Lei de promoción de autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia se realizou garantindo o acceso con carácter universal e equidade?
7. Ten previsto a Xunta de Galicia reclamar ao Goberno de España recuperar o investimento perdido nestes anos de continuos retallos?
8. Reclamou o Goberno galego ao de España que cumpra co réxime de financiamento que determina a lei?
9. Ten previsto a Xunta de Galicia deixar sen efecto as reavaliacións feitas de oficio nos últimos anos que retallan e mesmo eliminan as prestacións a moitas das persoas usuarias?
10. Que medidas ten pensado poñer en marcha o Goberno galego para reducir a lista de espera na que se atopan aquelas persoas que a pesares de ter un grao de dependencia recoñecida, e unha prestación asignada, aínda están á espera de recibir a prestación?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2020





Asinado dixitalmente por:

Noela Blanco Rodríguez na data 10/01/2020 13:20:40

Julio Torrado Quintela na data 10/01/2020 13:20:51



Á Mesa do Parlamento

Marián García Míguez, Encarna Amigo Díaz, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral, Miguel Tellado Filgueira, Jackeline E. Fernández Macías e Raquel Arias Rodríguez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

A Lei *Orgánica* 1/2015, de 30 de marzo, pola que se modifica a Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro, do Código Penal **no Capítulo V “De los delitos relativos a la prostitución y a la explotación sexual y corrupción de menores”** amosa os avances levados a cabo na lexislación penal que castiga este delito. O proxenetismo está penado en España pero temos unha lagoa que hai que atallar na atención ás súas vítimas e que cómpre resolver elaborando e aprobando unha Lei Integral contra a Trata de Seres Humanos que contemple toda forma de explotación contra mulleres e nenas, tal e como propuxo o Partido Popular no seu programa electoral para as eleccións xerais de 2019.

Precisamente, foi un goberno do Partido Popular o que impulsou o Plan Integral contra a Trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual 2015-2018 do Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, cun Plan de Acción baseado en sete piares: enfoque dos Dereitos Humanos, enfoque de xénero, Primacía do interese superior do menor, mellora do coñecemento das situacións de trata con fins de explotación sexual, facer ás vítimas protagonistas en todo o proceso, a persecución do delito, o enfoque integral, a cooperación e a participación de todos os organismos e actores públicos e privados. Todas elas, medidas moi importantes.

En decembro de 2017 tomouse como unha cuestión de Estado a problemática da violencia de xénero amosando a maioría das organizacións políticas unidade, consenso e coordinación de cara a un traballo conxunto como é o Pacto de Estado contra a violencia de xénero 2018-21, onde aparecen reflectidas diferentes propostas. En particular, nas medidas 190 e ata a 199 tense en conta a prostitución coma un área na que queda moito por facer.

Na Lei galega de prevención e tratamento integral da violencia de xénero, dentro do artigo 3 de formas de violencia de xénero temos recoñecida a trata de mulleres e nenas con fins de explotación sexual e calquera outro xeito de violencia recollida nos Tratados Internacionais que lesione ou sexa susceptible de lesionar a dignidade, a integridade ou a liberdade das mulleres.



En Galicia, como recoñeceron a maioría dos comparecentes na Comisión de Estudo de Igualdade de Oportunidades entre homes e mulleres, estamos nunha situación privilexiada con respecto á lexislación estatal e ao do resto de Europa. Mais todos os avances non cobren as necesidades específicas e especializadas que requiren as persoas vítimas de trata e explotación sexual.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

- Cal é a valoración que fai o Goberno galego da súa colaboración coas entidades que traballan contra a trata e a explotación sexual?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2020.

Asinado dixitalmente por:

María Ángeles Garcia Míguez na data 10/01/2020 13:12:26

María Encarnación Amigo Díaz na data 10/01/2020 13:12:42

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 10/01/2020 13:12:53

Marta Rodriguez Arias na data 10/01/2020 13:13:14

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 10/01/2020 13:13:25

María Soraya Salorio Porral na data 10/01/2020 13:13:37

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 10/01/2020 13:13:50

Raquel Arias Rodríguez na data 10/01/2020 13:14:07

Jackeline Elizabeth Fernández Macías na data 10/01/2020 13:14:55



Á Mesa do Parlamento

Marián García Míguez, Paula Prado del Río, Encarnación Amigo Díaz, Aurelio Nuñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral e Miguel Tellado Filgueira deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª Sanidade, Política Social e Emprego**.

A Estratexia Europea do 2020 marca o camiño do noso Plan Estratéxico de Galicia 2015-2020, que ten como un dos seus catro principios transversais o impulso da innovación e a fixación da poboación no medio rural. Para seguir sumando, temos o marco do Plan de desenvolvemento rural 2014-2020 con proxectos de formación e mellora de competitividade do sector agrícola e dos ecosistemas no noso territorio.

Non quedamos atrás noutras temáticas e tal e como marca o VII Plan Estratéxico de Galicia para a Igualdade de Oportunidades entre homes e mulleres 2017-2020 reflíctense, dentro dos seus obxectivos, a cohesión territorial e a fixación da poboación no medio rural. E dun xeito transversal empapa a todas as áreas estratéxicas na educación e nos valores, na xestión dos traballos e dos tempos, no emprego e na innovación, na participación e no liderado, e por suposto na calidade de vida e no benestar.

En Galicia, segundo o INE contamos coa metade dos núcleos de poboación de toda España, con 30.246. Deles, 9.226 teñen menos de 10 veciños. De aí o esforzo da Xunta de Galicia a través dos “impostos cero” para a compra dunha vivenda; a creación das “casas niño” para promover a conciliación; as “casas do maior” de atención á poboación envellecida, o fomento da igualdade de oportunidades entre homes e mulleres e, e por suposto, o reforzo na prevención, sensibilización, asistencia e protección fronte a violencia de xénero. Todas estas medidas forman parte da aposta do goberno polo medio rural.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes preguntas orais en comisión:

1. Cales son os obxectivos e finalidade dos Convenios de colaboración cas Federacións de Mulleres Rurais de Galicia?
2. Que seguimento e valoración se fai dos mesmos?



Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2020.

Asinado dixitalmente por:

María Ángeles Garcia Míguez na data 10/01/2020 13:15:45

Paula Prado Del Río na data 10/01/2020 13:16:03

María Encarnación Amigo Díaz na data 10/01/2020 13:16:29

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 10/01/2020 13:16:55

Marta Rodriguez Arias na data 10/01/2020 13:17:18

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 10/01/2020 13:17:49

María Soraya Salorio Porral na data 10/01/2020 13:18:10

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 10/01/2020 13:18:40

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Á Mesa do Parlamento

Marián García Míguez, Paula Prado del Río, Encarnación Amigo Díaz, Aurelio Núñez Centeno, Marta Rodríguez Arias, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Soraya Salorio Porral e Miguel Tellado Filgueira deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego.**

Contra o que adoita afirmar a oposición, que acusa ao goberno de “propaganda” en cada un dos proxectos legislativos que trae a este Parlamento, a actividade legislativa da Xunta ten sido especialmente prolífica e certa na anterior lexislatura.

De feito, a pasada lexislatura foi a segunda da historia de Galicia na que máis leis se teñen aprobado (55), mais isto veu acompañado dun esforzo considerable de racionalización e integración normativa, pois por vez primeira vez o número de leis vixentes ao final da lexislatura foi inferior ao existente ao seu comezo. Aprobáronse tamén as primeiras Directrices de Técnica Normativa de Galicia, para unificar os criterios de redacción de toda a lexislación galega.

As prioridades temáticas da acción legislativa da Xunta de Galicia nestes catro anos teñen sido, fundamentalmente, tres: a reactivación económica, a mellora do benestar social e a racionalización en todos os sentidos, tanto no territorial como no de estruturas administrativas ou servizos públicos.

Outra prioridade, neste caso xa dende o punto de vista técnico e de autogoberno foi a substitución e modernización de textos con máis de 20 anos de antigüidade. Reduciuse nunha vintena o número de leis con máis de 25 anos de antigüidade que se manteñen vixentes en Galicia. Hoxe temos, en consecuencia, un mapa normativo fundamente renovado.

Pero para dispoñer dun ordenamento xurídico completo, claro e operativo son claves tres aspectos: poucas leis pero modernas e ben desenvolvidas e concretadas.

En consecuencia, dende o Grupo Parlamentario Popular queremos cuestionar á Xunta de Galicia sobre a efectividade real das normas aprobadas na pasada lexislatura.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

- Que resultados ten dado ata o de agora a aplicación da Lei 12/2016, do 22 xullo, pola que se modifica a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero?





**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 10/01/2020 13:37:32
Nº Rexistro: 61311
Data envío: 10/01/2020 13:37:32.932**

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2020.

Asinado dixitalmente por:

María Ángeles Garcia Míguez na data 10/01/2020 13:21:46

Paula Prado Del Río na data 10/01/2020 13:22:08

María Encarnación Amigo Díaz na data 10/01/2020 13:22:28

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 10/01/2020 13:22:52

Marta Rodríguez Arias na data 10/01/2020 13:34:41

Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 10/01/2020 13:34:55

María Soraya Salorio Porral na data 10/01/2020 13:35:45

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 10/01/2020 13:35:54

**Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com**

CSV: BOPGDSPGduUbpjYs35
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao e Davide Rodríguez Estévez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 2ª**

A 1 de xaneiro entrou en vigor a decisión de ADIF de eliminar o servizo de venda presencial de billetes nas estacións ferroviarias galegas de Ortigueira, Burela, Sarria, Viveiro, O Carballiño, Ribadavia, Guillarei (Tui) e Redondela; así como en Ferrol, Xubia, San Sadurniño, Cerdido, Burela e Ribadeo. Na de Sarria –na que xa houbera un intento de cancelar a venda directa en 2017– o servizo deixou de prestarse a finais de decembro.

Asistimos, unha vez máis, ao desmantelamento de servizos ferroviarios de proximidade, os que garanten a cohesión territorial e os servizos á maioría da cidadanía galega do rural.

RENFE anunciou que sería a encargada de dispensar os billetes nas estacións abandonadas por ADIF, pero que só habería venda presencial nas estacións cunha media superior a cen persoas pasaxeiros por día, o que supón que as estacións galegas fiquen fóra.

Así, RENFE anunciou que os billetes se poderían mercar en oficinas de Correos e colocou ou colocará máquinas expendedoras nas estacións sen venda directa, así como en San Sadurniño, Cerdido e Ribadeo.

A supresión da venda directa afecta especialmente ás persoas de máis idade que fan uso destes servizos, que non controlan ben este sistema de venda. Pero, ademais, en estacións nas que foron recentemente instaladas, atópanse as máquinas fóra de servizo, como sucede na Mariña, unha medida que se une ao desmantelamento do FEVE. De feito, a maioría de máquinas de estacións e apeadoiros non funcionan, como sinala a Plataforma pola Defensa do Ferrocarril Ferrol-Ribadeo. Deste xeito, no FEVE, ao non haber interventores/as no tren



en moitos servizos, os billetes non se poden mercar no propio traxecto nin hai persoal para fornecer información ás persoas usuarias.

A Xunta de Galiza manifestouse en contra desta medida, pero o PP, no goberno do estado dende 2011 a 2015, nada fixo por frear o desmantelamento ferroviario da media distancia - ben ao contrario -.

Entre os acordos para a investidura de Pedro Sánchez en xaneiro de 2020, Teruel Existe pactou a paralización da supresión do servizo de venda directa nas estacións de RENFE. Acordos co BNG e o acordo marco PSOE-UP tamén inciden na necesidade de reforzar os servizos ferroviarios de media distancia.

Polo exposto, a deputada e deputado que subscriben formulan as seguintes preguntas á Xunta de Galicia, para a súa resposta oral na Comisión 2.^a:

- Que fixo a Xunta para deter o desmantelamento do ferrocarril de media distancia en Galiza?
- Que medidas tomou a Xunta para que se dea marcha atrás na decisión de cancelar a venda presencial de billetes en estacións ferroviarias galegas?
- Que posición adoptaron os deputados/as galegos/as do PP sobre os servizos de media distancia en Galiza no Congreso dos Deputados?
- Ten a Xunta algún plan para pedir a transferencia de competencias para xestionar o FEVE e impulsar unha liña de cercanías útil para a cidadanía?
- Que valoración fai a Xunta de que un deputado da provincia de Teruel defenda os intereses da cidadanía galega do rural que os deputados e deputadas do PP electos polas circunscricións galegas?
- Vai a Xunta esixir o mantemento do servizo de venda de billetes nas estacións ferroviarias galegas que o perderon?



Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Davide Rodríguez Estévez
Deputada e deputado do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 10/01/2020 13:52:36

David Rodríguez Estévez na data 10/01/2020 13:52:47





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Luis Bará Torres e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, relativa á necesidade da restitución inmediata do servizo de radiodiagnóstico do Centro de Saúde de Celanova.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego tivo constancia dun novo agravio do goberno de Núñez Feijóo contra o sistema público de atención á saúde, neste caso unha situación que afecta ao Centro de Saúde de Celanova e, por extensión, a poboacións do arredor.

Nestes momentos non está operativo o servizo de Radiodiagnóstico do Centro de Saúde de Celanova debido presuntamente a unha avaría que xa dura tres meses.

Esta situación trae consigo unha serie de problemas para a cidadanía que deben ser solucionados canto antes:

1. Deixa sen cobertura a unha área xeográfica moi extensa que abrangue os concellos de Entrimo, Muíños, Lobeira, A Bola, Bande, Vereá, Ramirás, Quintela de Leirado, Padrenda, A Merca, Gomesende, Pontedeva, Lobios, Cartelle e Celanova.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. As pacientes destes concellos teñen que realizar un desprazamento innecesario a Ourense, que nalgúns casos é moi custoso pola distancia (ata 80Km); en tempo e economicamente.

3. Soportan un gran prexuízo pola demora nos diagnósticos, que incluso pode provocar un retraso no tratamento da doenza. O persoal médico solicitante non pode ver a radiografía en presenza da paciente no mesmo día que a solicita.

4. As habitantes destes concellos prodúceselles un agravio comparativo que non gozan, en igualdade, da carteira de servizos do SERGAS.

Esta situación constitúe unha discriminación da veciñanza das Terras de Celanova por razón do lugar no que viven e supón un novo deterioro na atención sanitaria nas vilas que non se pode consentir e que vai en consonancia tamén coa desidia que o propio goberno da Xunta de Galiza mantén respecto das melloras deste tipo de servizos e da atracción de persoal profesional da especialidade de radioloxía.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

-Como xustifica o goberno galego o abandono do servizo de radiodiagnóstico do Centro de Saúde de Celanova?

-Cales son as razóns de que a máquina non se teña reparado anteriormente?

-Cantos servizos desta área se tiñan dado ata o momento da avaría en 2019? e en 2018? e no 2017?

-Considera que é positivo que este servizo estea desatendido?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Ten intencións a Xunta de Galiza de atallar esta situación? En que prazo e en que forma?

-Está supoñendo esta situación un atraso nos diagnósticos?

-Está supoñendo esta situación derivacións á privada?

-Valorou a Xunta de Galiza asumir o sobrecusto económico que ten esta situación para as e os doentes desta zona do país?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Luis Bará Torres

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 10/01/2020 13:45:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 10/01/2020 13:45:46

María Montserrat Prado Cores na data 10/01/2020 13:46:53

Olalla Rodil Fernández na data 10/01/2020 13:47:00

Xose Luis Rivas Cruz na data 10/01/2020 13:47:07

Ana Pontón Mondelo na data 10/01/2020 13:47:18



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, María Teresa Porritt Lueiro, Patricia Vilán Lorenzo e María Luisa Pierres López, deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

A concesión de subvencións en Galicia está regulada na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia desenvolvida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, configurando o marco legal ao que se debe adaptar a xestión das subvencións concedidas en Galicia.

Así, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que “os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria” e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu capítulo II regula a planificación e o contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 19.1 da Lei 9/2007 establece que “o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva”, e no seu punto 4 indicase os casos nos que se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no Capítulo II do Decreto 11/2009.

Augas de Galicia é a entidade adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade que asume as competencias sobre o conxunto da Administración hidráulica de Galicia.

Por iso as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:



1ª) Cales foron os criterios empregados pola entidade Augas de Galicia para establecer os convenios de colaboración con determinados concellos galegos nesta X Lexislatura?

2ª) Vai a Xunta de Galicia publicar no prazo máximo de tres meses a totalidade dos convenios asinados pola entidade Augas de Galicia con determinados concellos galegos nesta X lexislatura con indicación do nome do Concello e a contía total recibida por cada un deles a través destes convenios?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 10/01/2020 13:36:41

María Teresa Porritt Lueiro na data 10/01/2020 13:37:01

Patricia Vilán Lorenzo na data 10/01/2020 13:37:11

María Luisa Pierres López na data 10/01/2020 13:37:28



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Teresa Porritt Lueiro, José Manuel Pérez Seco, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª.

A concesión de subvencións en Galicia está regulada na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia desenvolvida no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, configurando o marco legal ao que se debe adaptar a xestión das subvencións concedidas en Galicia.

Así, a Lei 9/2007 de subvencións de Galicia, no seu Capítulo II establece as disposicións comúns ás subvencións públicas e indica que “os órganos da administración que propoñan o establecemento de subvencións, con carácter previo, deberán concretar nun plan estratéxico de subvencións os obxectivos e efectos que se pretenden coa súa aplicación, o prazo necesario para a súa consecución, os custos previsibles e as súas fontes de financiamento, e supeditaranse, en todo caso, ao cumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria” e o Decreto 11/2009 polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que no seu capítulo II regula a planificación e o contido dos ditos plans estratéxicos.

De igual xeito, o artigo 19.1 da Lei 9/2007 establece que “o procedemento ordinario de concesión de subvencións tramitarase en réxime de concorrencia competitiva”, e no seu punto 4 indícanse os casos nos que se poderán conceder subvencións de forma directa, desenvolvendo no Capítulo III o procedemento de concesión directa, que é regulado no Capítulo II do Decreto 11/2009.

Por iso, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Cales foron os criterios empregados pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural para establecer os convenios de colaboración con determinados concellos galegos nesta X Lexislatura?



2ª) Vai a Xunta de Galicia publicar no prazo máximo de tres meses a totalidade dos convenios asinados pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural con determinados concellos galegos nesta X lexislatura, con indicación do nome do concello e a contía total recibida por cada un deles a través destes convenios.

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 10/01/2020 13:44:44

María Teresa Porrirt Lueiro na data 10/01/2020 13:45:03

Jóse Manuel Pérez Seco na data 10/01/2020 13:45:15



Á Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Jacobo Moreira Ferro, Isabel Novo Fariña, José Manuel Rey Varela, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, M^a Julia Rodríguez Barreira e Beatriz Mato Otero deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 1^a Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

O Goberno da Xunta vén mantendo nos últimos anos un compromiso firme cos galegos da diáspora, tanto para garantir o seu benestar no exterior como para favorecer e facilitar o seu retorno a Galicia. Para afondar nesa liña, o programa electoral co que o Partido Popular de Galicia obtivo a confianza maioritaria dos galegos nas eleccións autonómicas de 2016 incluía un compromiso específico de “intensificar os programas que incentivan o retorno emprendedor a Galicia”.

Mostra disto é a Estratexia Emigración 2020 e a Estratexia Retorna 2020, ambas aprobadas no 2018. No caso da Estratexia Retorna 2020, a Xunta estableceu como obxectivo prioritario o regreso de máis de 20.000 galegos da diáspora, dos cales 12.000 terán menos de 45 anos, garantindo así os seus dereitos de retorno. Este documento contempla numerosas actuacións dirixidas a garantir “o dereito dos galegos a viviren e traballaren na propia terra”, un principio reitor recollido no artigo 4.3 do Estatuto de Autonomía de Galicia.

Unha estratexia dotada de 15 millóns de euros para medidas específicas e 220 millóns de euros para accións transversais que abarca dende o asesoramento e seguimento dos galegos da diáspora en todas as fases do retorno, ata medidas de protección social e de integración no mercado laboral, o emprendemento, a innovación, a vivenda ou a formación.

Precisamente no eido da educación, a formación e a captación de talento do exterior, a Secretaría Xeral de Emigración leva anos convocando as Bolsas Excelencia Mocidade Exterior (BEME), das que se benefician os mellores expedientes académicos da diáspora galega, que obteñen unha axuda económica para cursar un mestrado nunha das tres universidades públicas da nosa Comunidade.

Dende o Grupo Parlamentario Popular consideramos que estas bolsas de estudos incentivan o retorno de galegos residentes do exterior con currículos excelentes, contribuindo a que Galicia se converta nun lugar onde estudar e continuar a carreira profesional como destino laboral de calidade.



Do mesmo xeito, estas bolsas favorecen a fixación de poboación nova na Galicia territorial, abrindo aos estudantes do mestrado a novas oportunidades de emprego e de emprendemento.

É neste eido no que se enmarcan as Axudas ao Retornado Emprendedor, tamén integradas na Estratexia Retorna 2020 e que pretenden promover o autoemprego dos emigrantes que volven a Galicia, favorecendo o seu asentamento laboral na nosa comunidade, apoiando a súa creatividade e talento e a iniciativa empresarial.

Tamén nesta Estratexia se recollen mecanismos para a orientación e seguimento das persoas que volven á nosa comunidade para lograr a súa integración plena na sociedade galega.

Por todo o exposto anteriormente, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta en comisión:

- Que valoración fai o Goberno galego das accións específicas enmarcadas na Estratexia Retorna 2020 que van dirixidas a apoiar a mocidade en todas as áreas do retorno, dende o emprendemento ata a súa orientación no proceso de integración na sociedade galega?

Santiago de Compostela, 10 de xaneiro de 2020.

Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 10/01/2020 14:31:31

Jacobo Moreira Ferro na data 10/01/2020 14:31:58

Alberto Pazos Couñago na data 10/01/2020 14:32:08

María Isabel Novo Fariña na data 10/01/2020 14:32:31

José Manuel Rey Varela na data 10/01/2020 14:33:01

Paula Prado Del Río na data 10/01/2020 14:33:45

María Julia Rodriguez Barreira na data 10/01/2020 14:34:00

Beatriz Mato Otero na data 10/01/2020 14:34:17

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, Luís Manuel Álvarez Martínez e María Luisa Pierres López, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

Vivimos nunha situación de Emerxencia Climática, o maior desafío da nosa época que precisa dun novo *modus vivendi*. Cómpre aproveitar ese desafío da loita contra a crise climática para actualizar paradigmas políticos de éxito e axeitalos á nova realidade mundial. Cómpre un novo pacto social apoiado na loita contra a desigualdade; a definición dun novo modelo económico baseado na sustentabilidade e o establecemento dun marco normativo que inclúa a todos os sectores clave ademais do enerxético, tales como o agro, a industria, o turismo e tamén os residuos.

En materia de residuos municipais, a normativa da UE camiña a que, no ano 2025, sexa reciclado o 55 % dos residuos, chegando ao 60 % en 2030 e ao 65 % en 2035. Ademais, hai obxectivos separados para materiais de envases, como o papel e cartón, plásticos, vidro e madeira, que terán que ser reciclados nun 65 % en 2025 e nun 70 % en 2030. Por outra parte, para 2030 ningún residuo reciclable será aceptado en vertedoiro.

Segundo os últimos datos do INE correspondentes ao ano 2017, en Galicia só se recolle de forma separada o 15 % dos residuos municipais, unha porcentaxe case catro puntos por debaixo da media española (19 %). A nosa Comunidade fica moito máis atrás que outros territorios, como Euskadi e Navarra (preto do 40 % de recollida separada), Cataluña (34 %) e mesmo Asturias (26 %) ou Baleares (21 %). A maiores, as cifras galegas de recollida separada mantéñense practicamente estancadas dende hai anos, mesmo cunha tendencia a descender (de 15,79 % en 2010 a 15,04 % en 2017), ademais de que, no que se refire aos residuos mesturados, o indicador de Galicia é aínda máis negativo, sumando só 40 quilos menos que a media española cando xeramos menos quilos por habitante.

Por se eses datos non fosen suficientes, a memoria de actividade de Sogama, SA correspondente ao ano 2018 amosa que a planta tratou un total de 804.262 toneladas de residuos, das que case o 73,90 % (594.394) foron, como di a



empresa, “valorizadas enerxeticamente”, é dicir, incineradas para a produción de enerxía eléctrica. Segundo indica a mesma memoria, a porcentaxe de residuos recuperados ronda o 5 % (envases, fêrricos, aluminio, vidro, brick, PEAD, papel e cartón, film e plásticos). O que significa que unhas 186.000 toneladas foron vertidas en 2018 no vertedoiro de Areosa (un 22 % do total).

En decembro, o Consello da Xunta de Galicia acordaba autorizar -por 4 anos e 9 meses de prórroga excepcional- a licitación por 41 millóns de euros da xestión integral do vertedoiro, tendo como fins a xestión dos residuos, o mantemento posclausura, a execución das obras de selaxe definitiva dos distintos vasos do vertedoiro e unha cláusula de modificación, por se fose necesaria a execución dun novo vaso. O Goberno galego prometía ese día que, neste ano 2020, acadaremos a vertedura técnica cero, é dicir, o 10%, cando pechamos 2018 nun 22% (só como exemplo, en 2014, Austria, Bélxica, Dinamarca, Alemaña, Países Baixos e Suecia xa superaban o vertido técnico cero, por debaixo do 4 %). Mentres, o funcionamento da nova planta de compostaxe varias veces prometida na Areosa segue latente...

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Ten o Goberno galego previsto establecer un texto lexislativo que inclúa a todos os sectores clave na loita contra a crise climática?
2. Que está a facer o Goberno para chegar aos límites establecidos pola UE en materia de reciclaxe de residuos municipais, especialmente para chegar a 2030 sen ningún residuo reciclable en vertedoiro?
3. Será posible chegar a eses límites cando en Galicia só se recollía separadamente en 2017 o 15 % dos residuos municipais? Como?
4. Será posible chegar a eses límites cando en Galicia, en 2018, só foi recuperado o 5 % dos residuos municipais? Como?
5. Será posible chegar a eses límites cando en Galicia, en 2018, a vertedura no vertedoiro de Areosa foi dun 22 %? Como?
6. Como vai chegar o Goberno á vertedura técnica cero neste ano 2020?
7. Vai chegar a tempo o novo contrato para a xestión integral do vertedoiro? Por que non se fixo antes?
8. Para cando o funcionamento da planta de compostaxe na Areosa?





Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 13/01/2020 09:56:53

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 13/01/2020 09:57:05

María Luisa Pierres López na data 13/01/2020 09:57:16



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Teresa Porritt Lueiro, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Julio Torrado Quintela e María del Carmen Rodríguez Dacosta, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 1.ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

No mes de decembro tivemos coñecemento do documento de diagnóstico dos sistemas de control interno e estratexia de prevención de riscos da corrupción na Xunta de Galicia, elaborado polo Consello de Contas. Este documento é consecuencia da solicitude feita polo propio presidente do Goberno galego ao organismo autónomo, sendo o presidente quen facía gala da implantación de medidas de transparencia (como un Código Ético).

Ocorre que o Consello de Contas indica a lentitude e/ou pouca ambición do Goberno galego e critica a non admisión de denuncias anónimas ou o descoñecemento do grao de cumprimento daquel prometido Código Ético, ademais de considerar que existen importantes limitacións a subsanar nos mecanismos de control interno da Administración autonómica nos eidos de “información e comunicación” e “supervisión de actividades”. A crítica esténdese á non admisión de que calquera coñecemento dunha presunta irregularidade poida ser denunciado de xeito anónimo, cuestión que só se contempla para as denuncias de acoso laboral: *“Na nosa opinión, inclinámonos pola admisión das denuncias anónimas, sen prexuízo da aplicación dun sistema de garantías que preserve o adecuado equilibrio entre o anonimato e a esixencia de rigor por parte do denunciante”*, chega a dicir o organismo autónomo.

En relación co cumprimento do Código Ético, o Consello de Contas descoñece se se está a realizar o informe anual de seguimento sobre o seu nivel de cumprimento e critica que non se estableza un procedemento para a tramitación das violacións deste código e, sobre todo, que non exista un sistema de medidas de resposta.

Por último, o ente fiscalizador sinala que hai moito camiño por recorrer na avaliación dos posibles riscos de corrupción, onde a Xunta carece dun procedemento formal para a identificación e avaliación de riscos. Igualmente, reclama avanzar na regulación dos grupos de interese (os coñecidos como *lobbies*) e aumentar o tipo de información que se ofrece sobre as axendas dos



altos cargos, das que a Xunta só divulga os actos públicos pero non as reunións internas.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Considera o Goberno galego que son suficientes as súas medidas sobre transparencia?
2. Cal é a opinión do Goberno sobre o documento de diagnóstico dos sistemas de control interno e estratexia de prevención de riscos da corrupción na Xunta de Galicia, elaborado polo Consello de Contas?
3. Ten intención o Goberno de seguir as súas recomendacións? En que prazo?
4. Vai adoptar o Goberno medidas de reforzo da Lei 1/2016, de transparencia e bo goberno?
5. Vai habilitar o Goberno a vía da denuncia anónima como medio para comunicar situacións relacionadas coa corrupción?
6. Vai actualizar o Goberno o Código Ético e establecer parámetros para avaliar anualmente o seu cumprimento?
7. Vai crear o Goberno un Comité de Ética?
8. Vai elaborar o Goberno un plan de prevención de riscos de xestión, incluída a corrupción?
9. Vai regular o Goberno os grupos de interese (os coñecidos como *lobbies*) e incrementar o tipo de información que se ofrece sobre as axendas dos altos cargos da Xunta de Galicia?

Pazo do Parlamento, 10 de xaneiro de 2020

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Teresa Porritt Lueiro
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Julio Torrado Quintela
María del Carmen Rodríguez Dacosta
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:



Patricia Vilán Lorenzo na data 13/01/2020 10:12:26

María Teresa Porritt Lueiro na data 13/01/2020 10:12:38

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 13/01/2020 10:12:51

Julio Torrado Quintela na data 13/01/2020 10:13:02

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 13/01/2020 10:13:16



Á MESA DO PARLAMENTO

Paula Vázquez Verao, deputada pertencente ao **Grupo Parlamentario Mixto**, ao abeiro do disposto no artigo 156 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 5ª**

A CIG Saúde vén de denunciar, unha vez máis, a saturación das Urxencias do HULA, situación que se volveu “crónica”.

Denuncia a CIG que “o uso de Observación como unidade de Hospitalización xa é algo habitual e que os *box* de urxencias se utilizan para observación, de modo que hai doentes que poden pasar máis de tres días ingresados/as no servizo de Urxencias”.

Deste xeito, cómpre reforzar persoal en todas as categorías de xeito diario, para poder prestar normalmente o servizo.

Denuncia CIG Saúde que “Urxencias non está concibida nin deseñada (tanto a nivel estrutural como na dotación de persoal) para hospitalizar doentes" e que se as persoas doentes permanecen no servizo "é porque o persoal facultativo considera que non poden irse de alta" e tamén resulta evidente "que o lugar físico non reúne as condicións necesarias para o uso que se lle está dando".

Ao tempo, o HULA ten plantas pechadas.

Diante disto, a CIG-Saúde reclama que se poñan a disposición da cidadanía todos os recursos existentes no hospital e que se dote á sanidade pública dos orzamentos necesarios para garantir unha atención áxil e de calidade e nunhas condicións dignas.

Polo exposto, a deputada que subscribe formula a seguinte pregunta á Xunta de Galicia, para a súa resposta oral na Comisión 5ª:



- Coñece a Xunta a situación das Urgencias do HULA?
- Que nivel de reforzo de persoal se produce neste servizo?
- Cantas unidades pechadas hai no HULA? Por que se mantén esta situación?
- Vai a Xunta poñer todos os recursos do HULA ao servizo da cidadanía, organizando correctamente os servizos e dotándoos do persoal suficiente?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2020.

Asdo.: Paula Vázquez Verao
Deputada do G.P. Mixto.

Asinado dixitalmente por:

Paula Vázquez Verao na data 13/01/2020 10:40:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños e Montserrat Prado Cores, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**.

Centos de veciños e veciñas de Valeixe (A Cañiza) manifestáronse o pasado día 11 de xaneiro para reclamar a mellora da atención sanitaria na súa localidade, que se viu mermada pola xubilación do médico titular do centro de saúde da localidade.

Como consecuencia desta situación, máis de 700 pacientes quedaron sen atención médica no citado centro e desde o 2 de xaneiro víronse obrigados a desprazarse ao centro de saúde da Cañiza dous días por semana en horario de tarde, incrementando ao mesmo tempo a carga de traballo dos demais facultativos, que xa están saturados.

Esta solución é un parche completamente insuficiente, xa que as persoas que solicitan cita chegan a agardar 11 días para ser atendidas por un médico substituto que atende unha media de 40 pacientes nas dúas horas de consulta.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª:

-Cando ten previsto a Xunta de Galiza cubrir a praza de médico de familia de Valeixe (A Cañiza) e como prevé facelo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Considera o goberno galego que a solución de atender dúas horas dous días á semana é propia dun sistema público de saúde do século XXI?

-Considera a Xunta de Galiza que é normal que unha persoa enferma teña que agardar ata 11 días para ser atendida?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2020

Asdo.: **Luis Bará Torres**
Noa Presas Bergantiños
Olalla Rodil Fernández
Montserrat Prado Cores
Xosé Luis Rivas Cruz
Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 13/01/2020 11:01:21

María Montserrat Prado Cores na data 13/01/2020 11:01:29

Noa Presas Bergantiños na data 13/01/2020 11:01:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 13/01/2020 11:01:43

Xose Luis Rivas Cruz na data 13/01/2020 11:01:50

Ana Pontón Mondelo na data 13/01/2020 11:02:02





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 3ª**.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego ten recibido queixas cidadás sobre as consecuencias lesivas que ten a actual normativa estatal do IRPF respecto do tratamento que reciben aquelas persoas que circunstancialmente poidan ter unha retención ilexítima da súa remuneración e a súa posterior restitución, sufrindo un duplo dano. Primeiro, as consecuencias desa retención, segundo, o inxusto tratamento por parte do fisco unha vez esa persoa recupera dita remuneración e tributa pola mesma.

Habida conta destas situacións, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego comparte a visión de que, de acordo coa lei estatal do IRPF, calquera persoa que padeza unha retención ilexítima da súa remuneración pode sufrir un dano económico grave por parte da Administración tributaria, polo que esta norma necesita adaptarse inmediatamente aos parámetros que deben rexer unha sociedade igualitaria e xusta.

Na actualidade, segundo o artigo 14.2 da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renta das Persoas Físicas os rendementos do traballo percibidos en períodos distintos a aqueles en que foron exixibles impútanse a estes; no entanto, os ‘percibidos por sentenza xudicial impútanse ao momento en que esta adquire firmeza’, o que pode derivar nunha tributación tan desproporcionada coma arbitraria.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tanto o Defensor del Pueblo do Estado español coma o Consello Xeral para a Defensa do Contribuínte tense manifestado diante das queixas formuladas por persoas que se viron prexudicadas, e expresaron neste tema a súa discrepancia co criterio da Administración tributaria. Porén, este continúa sen ser modificado.

Esta situación é contraria aos principios de igualdade que deben rexer as normativas en materia económica e tributaria. A modo de exemplo, o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego tivo o coñecemento dun caso no que recuperar os salarios de 14 meses íntegros supuxo que a Axencia Tributaria remitira unha ‘proposta’ de liquidación provisional, relativa ao exercicio en que se restituíron, que incrementaba a bastante máis do dobre a base imponible, co que o saldo para pagar pasaba de 40 a 7.500 € (7.460 € máis). A isto súmanse os xuros de demora e unha sanción próxima aos 2.000 € polo que a persoa afectada se viu obrigada a satisfacer un total próximo aos 10.000 €. A cota pasaba, en números redondos, de 4.600 € case a se cuadruplicar, sen contar os recargos citados.

Isto significou tamén a perda das desgravacións dos exercicios nos que os ingresos permanecían suspendidos, polo que amortizar a totalidade dunha hipoteca que tiña naquel momento esta persoa –vendera a vivenda da súa propiedade para subsistir e pagar unha débeda que non podía afrontar– non xeraba compensación ningunha na cotización.

Este exemplo é indicativo dunha tendencia preocupante, non dun caso illado, polo que as administracións galegas deben actuar e dirixirse ao goberno central para unha corrección que garanta un trato ponderado para todas as persoas que recuperan cantidades atrasadas.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Para resolver esta situación, abonda con eliminar esa discriminación arbitraria respecto de quen recupera dereitos económicos a través dunha sentenza xudicial e quen os goza de forma ordinaria no momento que corresponde.

Por todos estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª:

-Ten coñecemento o goberno galego de que a aplicación do Artigo 14.2.b) da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do Imposto sobre a Renda das Persoas Físicas, ao estar a supoñer efectos tributarios prexudiciais para aquelas persoas que recuperan contías por sentenza xudicial?

-Ten recibido consultas ou queixas sobre esta cuestión? A través de que mecanismos?

-Como valora o goberno galego a situación de desigualdade descrita? Vai demandar ao goberno central o impulso dalgunha modificación respecto da lei do IRPF?

-Ten desenvolvido a ATRIGA algunha valoración respecto desta cuestión? E o Instituto Galego de Consumo? E a Valedora do Pobo?

-Vai demandar algún outro tipo de actuación? De que tipo? Cales son os motivos?

Santiago de Compostela, 26 de agosto de 2019





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Xosé Luis Rivas Cruz

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 26/08/2019 12:35:17

Xosé Luis Bará Torres na data 26/08/2019 12:35:27

María Montserrat Prado Cores na data 26/08/2019 12:35:32

Olalla Rodil Fernández na data 26/08/2019 12:35:40

Xose Luis Rivas Cruz na data 26/08/2019 12:35:48

Ana Pontón Mondelo na data 26/08/2019 12:35:58





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado mes de xullo de 2019 o Consello de Contas remitía ao Parlamento Galego e, por extensión, á sociedade galega o resultado de diferentes informes. Entre eles atopábase o Informe relativo aos Procesos de extinción de entidades dependentes da Comunidade para o período 2010-2016

Este informe, tal e como sinala na súa memoria, ten por obxecto “a análise dos procesos de extinción das entidades dependentes da Comunidade Autónoma de Galiza como consecuencia da reestruturación do sector público”. Neste informe sinálanse numerosas salvedades e reparos como resultado da fiscalización efectuada e dise literalmente que se puxeron “de manifesto as limitacións ao alcance do traballo e os incumprimentos da normativa aplicable ao proceso de extinción de entes dependentes da Comunidade Autónoma, durante os exercicios 2010 a 2016” sinalando defectos como que “a Xunta de Galiza non puxo en marcha o rexistro de entidades del sector público da Comunidade Autónoma previsto na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

ou que “As contas anuais de 16 das 75 entidades extinguidas non se renderon ao Consello de Contas”.

O informe recolle tamén conclusións que dan por fracasadas, do punto de vista política, as afirmacións falaces dos inicios de Núñez Feijóo ao fronte da Xunta de Galiza referentes a rematar con “chiringuitos” xa que evidencian, por exemplo, que o aforro foi mínimo xa que as entidades eliminadas non tiñan un gran peso económico ou que “A aposta polo modelo de Axencia, que se afasta do camiño seguido pola Administración central e por outras Comunidades Autónomas, está a ter unha eficacia limitada.”

Así mesmo, respecto do persoal, as conclusións do Consello de Contas son demoledoras xa que sinala como “en moitos casos non cumpriron os principios de igualdade, mérito e capacidade. As diferenzas son especialmente relevantes na Axencia de Turismo e xeran desigualdades retributivas significativas non xustificadas nos postos de traballo e impide a consecución dunha xestión do persoal xusta e eficiente.”

Finalmente, entre as cuestións máis relevantes do informe podemos sinalar que certifica a falta de transparencia do goberno da Xunta de Galiza, xa que se fai eco o Consello de Contas dunha situación que ten denunciado a oposición reiteradamente “Os plans de racionalización aprobados pola Xunta non foron obxecto de publicación. Tampouco se publicaron os informes nos que se avalía o seu grao de realización (informes de seguimento) ata que, en virtude das recomendacións formuladas polo Consello de Contas, a Xunta de Galicia publicou en 2018 no seu portal de transparencia un informe resumo dos procesos de reordenación ”





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral en Comisión
3ª:

Que valoración fai a Xunta de Galiza do informe relativo aos Procesos de extinción de entidades dependentes da Comunidade para o período 2010-2016?

Como xustifica a Xunta de Galiza non ter posto en marcha en tempo e forma o rexistro de entidades del sector público da Comunidade Autónoma previsto na Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico?

E como xustifica o goberno galego que as contas anuais de 16 das 75 entidades extinguidas non renderan contas ao Consello?

E como explica que a asunción pola Axencia de Turismo do inmovilizado de Turgalicia e do Consorcio Instituto de Estudios Turísticos non estea reflectida contablemente nin conste a acta de cesión dos bens?

Vai depurar o goberno galego responsabilidades políticas por esta mala planificación e xestión?

Como valora o goberno galego que o seu mantra de “acabar con chiringuitos” estea botado por terra unha década despois de facerse presidente da Xunta de Galiza Núñez Feijóo?

Que vai facer o goberno galego para que a administración que dirixe deixe de incumprir na súa política de persoal os principios de igualdade, mérito e capacidade?

Despois deste informe, vai reformar a Xunta de Galiza por fin o funcionamento do IGAPE?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 22 de agosto de 2019

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Luis Bará Torres

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 22/08/2019 12:02:29

Xosé Luis Bará Torres na data 22/08/2019 12:02:45

María Montserrat Prado Cores na data 22/08/2019 12:02:52

Olalla Rodil Fernández na data 22/08/2019 12:03:00

Xose Luis Rivas Cruz na data 22/08/2019 12:03:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ana Pontón Mondelo na data 22/08/2019 12:03:16





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Xosé Luis Rivas Cruz, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre contaminación río Umia.

1. A construción do encoro da Baxe tivo un forte impacto negativo no río Umia, tanto no que ten que ver coa calidade das augas como como equilibrio ecolóxico do río. Aínda que segundo a Xunta a construción do encoro tiña como finalidade principal evitar as riadas e asolagamentos na vila de Caldas, a realidade é que a obra provocou males maiores dos que pretendía resolver: converteu un río vivo nun río tóxico e provocou ameazas para a saúde pública e para as actividades podutivas, recreativas e de lecer.

2. A historia do encoro da Baxe é a crónica dunha estafa, perpetrada contra a vontade maioritaria expresada polas corporacións municipais de Caldas, Moraña e Cuntis. Moito tempo despois confirmouse o que xa desde o comezo denunciada a Plataforma en Defensa do río Umia, as organización ecoloxistas e o propio BNG: detrás da construción do encoro había unha operación especulativa e lucrativa através dunha explotación hidroeléctrica por parte dunha empresa privada.

3. Malia as sucesivas denuncias sobre a contaminación do encoro e do río por cianobacterias e microcistina, e sobre os riscos para o ecosistema e para as persoas, a Xunta nega a maior e intenta ocultar a realidade. Na reunión co Comité de crise de Caldas que tivo lugar o pasado 23 de xaneiro en Pontevedra, a conselleira de





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Infraestruturas, Ethel Vázquez, mesmo chegou a afirmar que nunca se detectara a presenza de microcistina no encoro do Umia, malia a que un informe de 2013 encargado pola administración autonómica e realizado polo director da Estación de Hidrobioloxía da USC, Fernando Cobo, rexistrou a presenza da toxina, que tamén foi detectada en análíticas que se fixeron en 2010 en Caldas e Portas.

4. É evidente que o encoro e o río Umia están nunha situación de alarma por contaminación. Así se deduce do estado do encoro, da alerta pola proliferación de algas decretada por Augas de Galicia e que se prolonga xa por máis de ano e medio. A contaminación por cianobacterias tamén afecta aos sistemas de abastecemento de auga potábel ao longo do curso do río, polos problemas que causan as algas no proceso de potabilización. E as consecuencias da contaminación tamén afectan aos usos lúdicos do río, como se puido comprobar coa prohibición do baño no río Umia, que se decretou o pasado mes de agosto.

Máis alá de todas estas evidencias aínda quedan por resolver moitas dúbidas. Polo que se fai imprescindible a realización dunha análise exhaustiva sobre a calidade das augas, a contaminación por microcistina e os posibles efectos para a saúde humana e para o ecosistema, incluíndo a posíbel afectación aos recursos pesqueiros e marisqueiros da ría de Arousa.

5. O BNG sempre defendeu –e segue defendendo- que a solución a este desastre ambiental pasa polo desmantelamento do encoro da Baxe. Mais en tanto que non se acorda esta medida, entendemos que se deben poñer en marcha diferentes iniciativas para garantir a calidade das augas e informar á poboación sobre os potenciais riscos derivados do actual estado de contaminación do río Umia.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión
2ª:

Que valoración fai a Xunta de Galiza sobre a contaminación do río Umia?

Como valora o goberno galego os riscos de contaminación por microcistina no
río Umia?

Ten previsto a Xunta de Galiza encargar algún estudo sobre a contaminación do
río por cianobacterias e microcistina, e sobre os potenciais riscos para a saúde humana e
para o ecosistema?

En atención a que riscos se decretou a prohibición do baño no río Umia o pasado
mes de agosto?

Que medidas prevé desenvolver a Xunta de Galiza para combater a
contaminación do río Umia?

Considera a Xunta de Galiza a posibilidade de realizar un estudo sobre a
viabilidade do desmantelamento do encoro da Baxe?

Que cantidades ingresa a Xunta de Galiza anualmente en concepto de canon
pola explotación hidroléctrica do encoro?

Que investimentos realizou a Xunta de Galiza nos concellos afectados polo
encoro?

Santiago de Compostela, 24 de setembro de 2019





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Luis Bará Torres

Xosé Luis Rivas Cruz

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Montserrat Prado Cores

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 24/09/2019 12:32:52

María Montserrat Prado Cores na data 24/09/2019 12:32:59

Noa Presas Bergantiños na data 24/09/2019 12:33:07

Olalla Rodil Fernández na data 24/09/2019 12:33:14

Xose Luis Rivas Cruz na data 24/09/2019 12:33:21

Ana Pontón Mondelo na data 24/09/2019 12:33:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, relativa aos parques eólicos de Campelo, Bustelo e Monte Toural, nos concellos de Carballo, Coristanco, Santa Comba e Tordoia.

A Xunta de Galiza está a tramitar os proxectos Campelo, Bustelo e Monte Toural, de 42, 46,2 e 21 MW de potencia, promovidos pola empresa Greenalia Power nos concellos de Carballo, Coristanco, Santa Comba e Tordoia. Os citados parques levan asociada unha infraestrutura de Liña de Alta Tensión (LAT 220 Kw) que vai desde Campelo ao Mesón do Vento atravesando os concellos de Carballo, Carral, Cerceda, Coristanco, Ordes e Tordoia.

A tramitación destes parques eólicos e da LAT pon de manifesto o mesmo “modus operandi” para burlar a lei, favorecer descaradamente os intereses das empresas eólicas, desprotexer o territorio e os dereitos das persoas que viven nel, e perpetrar agresións a espazos e ecosistemas de grande valor ambiental:

1º Os tres parques teñen unha mesma empresa promotora, coinciden nunha mesma zona e comparten infraestruturas como a estación transformadora e liñas de evacuación. Son polo tanto un único parque dividido fraudulentamente en tres, todos eles de menos de 50 MW para que a tramitación corresponda á Xunta de Galiza e deste xeito acollerse aos beneficios e trato de favor previsto na Lei de depredación.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2º O Consello da Xunta concedeulles no mes de maio de 2018 no mesmo acto administrativo a declaración de “proxecto de interese especial”, o que leva consigo a tramitación prioritaria, a redución á metade dos prazos, a declaración de utilidade pública e en xeral a prevalencia dos intereses da empresa promotora sobre calquera outro.

3º Ademais de dividir o megaparque en tres máis pequenos, os parques resultantes foron “amañados” para ubicalos en máis dun concello e así acollerse aos beneficios da declaración de proxectos sectoriais de incidencia supramunicipal.

4º A división do megaparque en tres ten como finalidade tamén evitar a avaliación ambiental do conxunto e dos efectos sinérxicos que as instalacións teñen sobre os ecosistemas, paisaxe, especies, territorio, actividades económicas tradicionais, núcleos de poboación, etc. Trátase dun burdo fraude de lei que foi evidenciado por diferentes sentenzas xudiciais, entre elas a do Tribunal Supremo do 30 de marzo de 2017, que confirma a fragmentación artificial do que debía ser un único parque eólico. Nesta sentenza rexéitase o recurso de casación presentado pola Junta de Castilla y León e Gamesa contra a sentenza de data 26 de xuño de 2014 ditada pola sección primeira da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Castilla y León. Velaquí a argumentación do Tribunal Supremo:

